

PLAN DE MELLORA DA CONVIVENCIA NO CENTRO

**IES RAMÓN OTERO PEDRAYO
A CORUÑA**

Aprobación: 25 de xaneiro de 2018
Actualización: 1 de novembro de 2018

CONTIDO

| | | |
|-----|---|----|
| 1 | XUSTIFICACIÓN. BASE LEGAL..... | 4 |
| 2 | COMISIÓN DE CONVIVENCIA..... | 5 |
| 2.1 | Composición..... | 5 |
| 2.2 | Funcións e actuacións da comisión de convivencia..... | 5 |
| 2.3 | Posibilidade de asesoramento e colaboración..... | 6 |
| 2.4 | Reunións da comisión de convivencia..... | 6 |
| 3 | ANÁLISE DA CONVIVENCIA NO CENTRO..... | 6 |
| 3.1 | Análise do centro e da súa contorna sociocultural e socioeconómica..... | 6 |
| 3.2 | Conflitos máis frecuentes. Implicados..... | 7 |
| 3.3 | Actuacións desenvolvidas e efectividade..... | 8 |
| 3.4 | Valoración do clima de convivencia..... | 9 |
| 3.5 | Necesidades de mellora..... | 10 |
| 4 | OBXECTIVOS..... | 10 |
| 4.1 | Obxectivos xerais..... | 10 |
| 4.2 | Obxectivos específicos..... | 11 |
| 5 | ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS PARA FAVORECER A CONVIVENCIA..... | 12 |
| 6 | NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO..... | 13 |
| 6.1 | Principios para a elaboración das normas de convivencia..... | 13 |
| 6.2 | Normas xerais de convivencia do centro..... | 14 |
| 6.3 | Normas básicas na aula..... | 15 |
| 6.4 | Acceso ao centro..... | 15 |
| 6.5 | Uso dos espazos do centro, aulas, biblioteca, ... mantemento das aulas..... | 17 |
| 6.6 | Recreos..... | 19 |
| 6.7 | Teléfonos móbiles, alcohol, tabaco | 19 |
| 6.8 | Faltas de asistencia, de puntualidade e de material..... | 20 |
| 7 | CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA ESCOLAR..... | 21 |
| 7.1 | Tipificación de condutas contrarias á convivencia..... | 21 |
| 7.2 | Condutas leves contrarias á convivencia..... | 22 |
| 7.3 | Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia..... | 23 |
| 8 | MEDIDAS DE CORRECCIÓN..... | 24 |
| 8.1 | Ámbito de aplicación..... | 24 |
| 8.2 | Principios das medidas correctoras..... | 24 |
| 8.3 | Gradación das medidas correctoras..... | 25 |

| | | |
|------|--|----|
| 8.4 | Reparación dos danos. | 25 |
| 8.5 | Prescrición das condutas e das medidas correctoras. | 26 |
| 8.6 | Corrección de condutas leves contrarias á convivencia..... | 26 |
| 8.7 | Corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia. | 27 |
| 8.8 | Aspectos formais. | 28 |
| 9 | PROCEDEMENTOS CORRECTORES DE CONDUTAS GRAVES. | 29 |
| 9.1 | Aspectos xerais dos procedementos..... | 29 |
| 9.2 | Procedemento conciliado..... | 30 |
| 9.3 | Procedemento común..... | 32 |
| 10 | PREVENCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR. | 33 |
| 11 | MEDIDAS COMPLEMENTARIAS. | 34 |
| 11.1 | Programa de habilidades sociais. | 34 |
| 11.2 | Aula de convivencia inclusiva. | 34 |
| 11.3 | Mediación escolar. | 35 |
| 11.4 | Escola de nais e pais. | 38 |
| 12 | Aspectos xerais das normas de convivencia a ter en conta polo profesorado 38 | |
| 12.1 | O control do alumnado: Condición de autoridade pública. | 38 |
| 12.2 | Profesorado de garda 39 | |
| 12.3 | Profesorado de garda de biblioteca e de recreo 39 | |
| 12.4 | Control nos cambios de clase 39 | |
| 12.5 | Control de faltas de asistencia 40 | |
| 12.6 | Control dos expulsados para que realicen algunha tarefa..... 40 | |
| 13 | DIFUSIÓN E DESENVOLVEMENTO. | 41 |
| 13.1 | Difusión do plan..... 41 | |
| 13.2 | Mecanismos de coordinación e colaboración no desenvolvemento do plan..... 42 | |
| 14 | SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA..... 42 | |
| 14.1 | Obxectivo, procedemento e responsables..... 42 | |
| 14.2 | Criterios. 43 | |
| 14.3 | Instrumentos. 43 | |
| 15 | ANEXOS E FORMULARIOS..... 44 | |

1 XUSTIFICACIÓN. BASE LEGAL.

A partir da **Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio**, de educación (LOE), tamén segundo a redacción dada pola **Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro**, para a mellora da calidade educativa, tal e como se recolle no seu artigo 121.2, unha das tarefas fundamentais que teñen encomendadas os centros educativos é a de elaborar o seu plan de convivencia, que pasará a formar parte do proxecto educativo do centro. Así mesmo, no preámbulo desta mesma norma dise que “ocupa un lugar relevante, na relación dos **principios da educación**, a transmisión daqueles valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza”. Ademais, “proponse o exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia e a prevención de conflitos e a resolución pacífica destes” como un dos **fins do sistema educativo**, e para a súa consecución faise extensivo a todos os niveis educativos e a todos os membros da comunidade escolar o obxectivo de traballar “a convivencia e a relación social e exercitarse na resolución pacífica de conflitos”.

A normativa vixente da Comunidade Autónoma de Galicia referida á convivencia escolar, é dicir, a actual **Lei 4/2011, do 30 de xuño**, de convivencia e participación da comunidade educativa, no seu artigo 10, fai mención ao plan de convivencia e as normas de convivencia, indicando a súa inclusión no PEC. Así mesmo, o **Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro**, polo que se desenvolve anterior en materia de convivencia escolar, no seu artigo 11, define o plan de convivencia do centro como o documento no que se articula a convivencia escolar, que garante unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e a súa resolución pacífica; e establece que o proxecto educativo de cada centro docente incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 da Lei 4/2011, e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. O devandito Plan de convivencia integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, obxectivos, directrices básicas de convivencia e actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterá actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

Ademais, os artigos 12 ao 17 deste mesmo decreto recollen os aspectos referidos aos obxectivos, estrutura, actuacións, medidas e programas favorecedores da convivencia e o proceso de seguimento, avaliación, mellora e difusión do plan de convivencia que cada centro deberá ter en conta na súa elaboración.

A elaboración do plan de convivencia non debe entenderse como unha tarefa estritamente burocrática do centro, senón como a oportunidade dunha reflexión conxunta sobre un dos principais obxectivos do sistema educativo, como é o de ensinar a convivir e ser persoa, desenvolvendo para isto competencias sociais e cívicas. Debe ser un documento realista, útil, dinámico e adaptado ás peculiaridades e necesidades do centro.

O presente plan de convivencia é elaborado pola comisión de convivencia, é avaliado polo consello escolar do centro (artigo 127 Lei orgánica 8/2013), estando, polo tanto, sometido a consideración de todos os sectores da comunidade. e é finalmente aprobado pola dirección do centro (artigo 132 Lei orgánica 8/2013).

Por último, o mesmo artigo 10 da Lei 4/2011, establece que as NOF do centro incluírán as **normas de convivencia** que garantan o cumprimento do plan de convivencia, concretarán os **dereitos e os deberes** do alumnado e establecerán as condutas contrarias á convivencia e as correccións que correspondan ao seu incumprimento.

2 COMISIÓN DE CONVIVENCIA.

2.1 Composición.

Forman parte da comisión de convivencia do consello escolar:

- O director ou directora do centro que exercerá a presidencia.
- O xefe ou xefa de estudos.
- Dous representantes do profesorado.
- Dous representantes do alumnado.
- Un representante das familias e outro designado pola ANPA.
- Un representante do persoal de administración e servizos.
- A persoa responsable da dinamización da convivencia (coordinadora da aula de convivencia).

Todos eles nomeados polo director do centro, por proposta dos sectores representados, non teñen por que ser membros do consello escolar. O nomeamento é por un período de dous anos coincidente coa renovación do consello escolar e por substitución, ao inicio de cada novo curso escolar, no caso de quedar vacante ao finalizar o curso anterior.

Poderá incorporarse a mesma de xeito puntual o profesorado que realice a función específica de **dinamizador da convivencia** no centro, segundo a Orde do 17 de xullo de 2007 pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes ou calquera outro membro da comunidade educativa que teña formación e sensibilidade nos temas relacionados coa convivencia.

2.2 Funcións e actuacións da comisión de convivencia.

A comisión de convivencia terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que, en materia de convivencia escolar, ten asignadas o consello escolar.

- Elaborar o plan de convivencia do centro e as demais actuacións derivadas do seu desenvolvemento, seguimento, avaliación e revisión do mesmo, función que será asumida polo equipo directivo cando non estea constituída.
- Velar pola correcta aplicación do disposto na normativa existente en materia de convivencia e no plan e normas de convivencia do centro.
- Elevar ao consello escolar do centro e recoller na memoria anual da comisión de convivencia as iniciativas tendentes a previr e resolver conflitos de convivencia, mellorar a convivencia e fomentar o respecto mutuo e a tolerancia no centro educativo propostas polas escolas de nais e pais que se poidan crear no centro e se establezan no plan de convivencia.

Funcións, por delegación do consello escolar:

- a) **Canalizar as iniciativas** de todos os sectores da comunidade educativa, no procedemento de elaboración, desenvolvemento, seguimento e revisión do plan de convivencia.
- b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para **garantir os dereitos** de todos os membros da comunidade educativa e **o cumprimento das normas de convivencia** do centro.
- c) **Impulsar accións** dirixidas á **promoción da convivencia**, especialmente o fomento de actitudes para garantir a **igualdade entre mulleres e homes**, e a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa, a non discriminación, e a **resolución pacífica dos conflitos**.
- d) Propoñer ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia no centro, así como dar conta a este mediante un informe, polo menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións realizadas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.

- e) Propoñerlle ao director as persoas que poidan formar parte do **equipo de mediación**.
- f) Coñecer o **cumprimento** efectivo das correccións e **medidas correctoras** nos termos que foran impostas e informar ao consello escolar sobre o grao de cumprimento da **normativa** vixente.
- g) Realizar o **seguimento dos compromisos de convivencia** subscritos no centro.
- h) Elaborar unha **memoria anual** sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, no que se reflectan as iniciativas no centro sobre a materia; este informe será trasladado ao consello escolar e ao servizo territorial de inspección educativa.
- i) Aqueloutras relativas á convivencia que lle sexan encomendadas polo consello escolar ou órgano da Administración educativa con competencias na materia.

2.3 Posibilidade de asesoramento e colaboración

Cando a comisión de convivencia o considere oportuno, e co obxecto de que informen no ámbito das súas respectivas competencias, poderá solicitar:

- O asesoramento dos profesionais do departamento de orientación que interveñen no centro.
- A colaboración:
 - Do profesorado titor relacionado co tema que se analice.
 - Do educador ou educadora social do concello onde se atope o centro educativo.
 - Doutros profesionais segundo a problemática de que se trate.
 - Das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia.

2.4 Reunións da comisión de convivencia.

A comisión de convivencia reunirse unha vez ao trimestre con carácter ordinario e, con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por propia iniciativa ou a proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

3 ANÁLISE DA CONVIVENCIA NO CENTRO.

3.1 Análise do centro e da súa contorna sociocultural e socioeconómica.

O Instituto de Educación Secundaria “Ramón Otero Pedrayo” de A Coruña está situado na Avda. de Monelos nº10A, no denominado Barrio de Elviña (1ª fase), zona de acceso á cidade, xurdido do crecemento urbano desta, sendo actualmente un barrio que está totalmente consolidado e con boas dotacións en xeral.

A área de influencia do centro vai máis alá do propio barrio, coincidindo coa **zona 24** de escolarización de centros públicos de A Coruña, que corresponde aos dous colexios públicos adscritos CEIP Ramón de la Sagra e CEIP María Pita, e na que tamén están ubicados o CEE Nosa Sra. do Rosario co que compartimos alumnado en escolarización combinada e profesorado de apoio especialista, e 3 colexios privados, dous destes con concerto educativo.

Dentro desta zona compre destacar outras dotación como: tres centros cívicos municipais, CC de Monelos, CC de Eirís e CC de Palavea, a biblioteca pública do Estado “Miguel González Garcés”, Oficinas das administracións públicas, Edificio Administrativo Monelos da Xunta de Galicia e Oficinas do INSS entre outras, Residencias de maiores públicas e privadas, Mercado de Elviña, Hipermercado, Centro de Saúde Matogrande, Centro oncológico, Asociacións de veciños, deportivas e culturais..., Garderías públicas e privadas.

O número de **profesores** do centro é 31, cunha idade media ao redor dos cincuenta anos, dos que dúas terceiras partes teñen destino definitivo.

O centro ten un número aproximado de 280 alumnos con matrícula en réxime ordinario e cursando ESO. No noso instituto atopamos un **alumnado** de procedencia social variada, pero maioritariamente dun **ámbito socioeconómico** medio-baixo. O feito de que o barrio experimente unha notable expansión leva asociado que un número importante do noso alumnado proveña de familias inmigrantes, fundamentalmente hispanoamericanos, e tamén de etnias minoritarias que viven en zonas limítrofes coa propia cidade e que están dentro da zona de influencia escolar do noso centro.

Actualmente **16%** non naceron en España, dos que un 7% non ten nacionalidade española, e outro 2% naceu noutra comunidade, que fai un total do **18%** de alumnado non nado en Galicia. Porcentaxes que chegan ata o 19% e o 22% no caso respectivamente de pais e de nais que naceron fora de Galicia

Temos que considerar tamén un pequeno número de alumnos con discapacidade auditiva, algúns dos cales teñen escolarización compartida co CEE Nosa Sra. do Rosario.

En canto á **composición das familias** declaran que, conviven coa nai o 96%, co pai o 72%, 71% con irmáns e só un 12% con outros familiares. Un 20% di non convivir co pai. Disto deducimos un importante número de familias monoparentais.

En canto ao **nivel de formación** destaca un 26% de nais con estudos universitarios por só un 14% no caso dos pais, e unha importante porcentaxe con apenas estudos básicos, 33% de nais e un 39% de pais, e con resultados similares en canto aos estudos medios.

Referido á **situación laboral**, a maioría dos pais do alumnado desenvolve diversas profesións encadradas no sector de servizos e mesmo pequenos empresarios. A maioría das nais ocúpanse da propia familia pero unha porcentaxe importante das mesmas traballan fóra do domicilio. Non deben pasar desapercibidas tampouco as pequenas empresas familiares e autónomas. Así pois, é bastante significativo o número de familias nas que traballan os dous cónxuxes, como tamén o é a inestabilidade nos postos de traballo.

Por outra banda, non debemos deixar de mencionar aquel alumnado que pertence a familias con problemas de paro laboral continuado e circunstancias negativas de carácter estrutural, nas que incide o labor dos S. Sociais municipais.

En canto a situación escolar, o **61%** do alumnado cursa o nivel que lle corresponde por idade, acumulando no primeiro ciclo o alumnado repetidor, dado que, o alumnado con desfase é o que adoita abandonar os estudos obrigatorios para incorporarse á FPB ou a outras ensinanzas.

Destacamos a opinión do alumnado sempre o case sempre satisfactoria: co centro (71%), na relación cos profesores (68%), aprendizaxe de cousas útiles ou interesantes (68%), ambiente nas clases (77%) e na relación cos compañeiros (86%).

As expectativas académicas tamén difiren as expresadas polo alumnado das dos seus pais e nais, aínda que hai que considerar que un 32% de alumnado afirma que non o ten pensado: Estudos universitarios (51% os pais e 43% os alumnos), FP superior (10% e 4%), Bacharelato (7% en ambos casos), FP media (12% e 11%) e só rematar a ESO (14% e 10%).

Outros aspectos do contexto do centro, así como a oferta educativa, a organización de espazos, etc., están desenvolvidos nos apartados correspondentes do Proxecto Educativo de Centro (PEC), que está á disposición de todos os membros da comunidade educativa na web do centro.

3.2 Conflictos máis frecuentes. Implicados.

Cada curso, trimestralmente se informa aos membros da comisión da convivencia dos envíos á xefatura de estudos e, de selo caso, á aula de convivencia, dos tipos de faltas ou incidencias, e apórtanse estatísticas sobre os cursos máis problemáticos, do profesorado con maior número de envíos, do horario con maior cantidade de envíos e se eses envíos afectan a alumnos ou alumnas.

| Actuacións disciplinarias | 13/14 | 14/15 | 15/16 | 16/17 |
|---|--------------|--------------|--------------|--------------|
| Protocolos de absentismo | 10 | 13 | 26 | 12 |
| Expedientes disciplinarios | 31 | 14 | 7 | 18 |
| Partes de apercibimento | 666 | 473 | 362 | 476 |
| -Alumnos apercibidos | 197 | 104 | 92 | 77 |
| -Alumnos con máis de un parte apercibimento | nd | 69 | 60 | 51 |
| Expulsións por partes ou outros motivos | 64 | 41 | 19 | 32 |

En canto ao absentismo realizamos para o curso 2015-16 o seguinte informe referido ao primeiro cuadrimestre no que detallamos os casos de alumnos con faltas sen xustificar, diferenciando alumnado con: número de faltas $\leq 5\%$ (media dun día ou menos ao mes sen xustificar), nº de faltas entre o 5% e o 15% (media 1 a 3 días ao mes sen xustificar) e con nº de faltas $> 15\%$ (media de máis de tres días ao mes sen xustificar).

| CURSO | nº alumnos | nº de faltas $\leq 5\%$ ≤ 1día/mes | $5\% < n^\circ$ faltas $\leq 15\%$ 1día -3día /mes | nº de faltas $> 15\%$ > 3días/mes |
|--------------|-------------------|--|--|--|
| 1º ESO | 87 | 70 | 12 | 5 |
| 2º ESO | 72 | 55 | 11 | 6 |
| 3º ESO | 56 | 50 | 5 | 1 |
| 4º ESO | 56 | 54 | 1 | 1 |
| TOTAL | 271 | 229 | 29 | 13 |

Ao final de cada curso realizamos enquisas ao alumnado e profesorado referidas á convivencia cuxos resultados recolleemos na memoria xeral.

O alumnado sinala como principais condutas contrarias á convivencia:

Respecto ao deber de estudo e asistencia as clases: Disrupcións, Non facer os deberes, Actitude pasiva, Impuntualidade, Non traer o material, indumentaria EF, Absentismo, Entrar e saír sen permiso e Ensuciar o centro.

- Respecto a comportamentos xerais: Comer ou beber nas aulas ou corredores, Producir ruídos, perturbar a orde, balbordo e Uso do móbil.
- En canto ás relacións cos compañeiros: Agresións verbais (ofensas, insultos, intimidacións, desafíos..) e Usar sen permiso obxectos dos compañeiros
- En canto ás relacións co profesorado: Ignorar e desobedecer as súas indicación e Dirixirse de malos modos ou de forma insolente.

O profesorado titor sinala como principais incidencias as relacionadas co:

- Disrupcións na aula: falar a destempo, levantarse sen permiso, falar cos compañeiros...
- Desinterese ou actitude pasiva, negativismo ou abandono das materias.
- Distracción e falta de atención e esquecemento do material para o desenvolvemento da clase.
- Perda de respecto entre iguais.
- Desobediencia ás indicacións do profesorado.
- Actitude irrespectuosa ao profesorado, algunha vez desafiante e rara vez insultos ou ameazas.
- Novas tecnoloxías, redes sociais ...

3.3 Actuacións desenvolvidas e efectividade.

Iniciativas postas en marcha para a mellora da convivencia e os seus resultados:

Temos desenvolto plans para a mellora da convivencia, proxectos de mediación e de mellora, e participamos en estudos institucionais sobre a conflictividade nos centros educativos.

As titorías tratan os pequenos conflitos no horario de titoría tanto co grupo de clase como cos pais/nais do alumnado. Sendo a abordaxe de temas relacionados coa conflictividade na aula e comportamentos individuais, habilidades sociais, resolución pacífica de conflitos uns dos aspectos que mais tempo ocupa despois dos aspectos académicos.

O departamento de orientación, promove programas de habilidades sociais, de resolución de conflitos e de igualdade, que desenvolven asociacións de profesionais ou mediante programas específicos.

A xefatura de estudos e o departamento de orientación veñen desenvolvendo actuacións co alumnado máis propenso a situacións conflictivas. Nalgún tempo contamos tamén coa figura de mediadores escolares e aula de convivencia que agora non esta a funcionar, esta última pola redución do número de profesores do centro e a non dispoñibilidade de horas complementarias no seu horario.

A dirección promove a avaliación da situación da convivencia no centro, recollendo os resultados na memoria anual. Das conclusións se derivaron modificacións das normas de convivencia e de uso de material, de cara a evitar actitudes incívicas ou irrespectuosas, a elaboración dun plan de acollida e actuacións dentro do PAT.

Lograr unha boa convivencia é unha prioridade no noso instituto, como o reflicte as actuacións preventivas, principalmente de difusión dos dereitos e deberes e das norma de convivencia, tanto dende o PAT como por comunicados puntuais reiterados ao longo do curso aos profesores e aos alumnos, emitidos pola dirección e xefatura de estudos, e tamén as numerosas actuacións disciplinarias que se viñeron producindo.

Por outra banda, os programas actividades extraescolares e complementarias que reforzan a motivación do alumnado pola aprendizaxe do alumnado, son tamén un instrumento máis para favorecer a convivencia, especialmente cando o tema central afecta a asuntos de carácter social

En canto as familias detectamos falta de colaboración particularmente nos casos de absentismo e nos máis conflictivos, soen ser familias desestructuradas, con falta dun modelo adecuado e que normalmente vense superadas polas conflictividade dos seus fillos e fillas.

As relacións coas Institucións públicas son, en xeral, boas e de mutua colaboración; particularmente cos servizos sociais do concello para a redución dos casos de absentismo; non obstante o protocolo de prevención e control do absentismo escolar resulta lento, e por ende, pouco eficaz.

3.4 Valoración do clima de convivencia.

En canto á **convivencia no centro**, aínda que nos tres últimos anos observase unha clara melloría, conséntase un número crecente de problemas derivados do uso inadecuado das redes sociais, fundamentalmente no alumnado de menor idade, de 1º e 2º curso. Destaca o elevado número de casos de alumnado apercibido por condutas contrarias ás normas de convivencia, fundamentalmente actitudes disruptivas nas aulas, comportamentos incívicos, conflitos entre compañeiros e en menor medida actitude irrespectuosa co profesorado. Non obstante, lonxe das meras estatísticas, as enquisas ao alumnado e profesorado realizadas ao final de curso e que figuran na memoria anual, recollen unha valoración do clima de convivencia e do ambiente escolar en xeral como positiva ou moi positiva.

En canto ao **absentismo escolar**, as cifras destes anos reflicten un número baixo de aplicación do protocolo de absentismo, arredor dun 5%, casos difíciles de solucionar por afectar a alumnos/as con situacións familiares e sociais moi complexas e adversas.

3.5 Necesidades de mellora.

Do conxunto de informes e avaliacións, e das actuacións desenvoltas neste curso en relación a convivencia, podemos extraer como principais aspectos que compre potenciar para a mellora:

- Continuar a incentivar a **participación das familias** na vida do centro e a súa implicación no proceso educativo dos seus fillos.
- Concretar o **plan de convivencia** do centro e actualización das normas de organización e funcionamento, para o que compre implicar ao alumnado e as súas familias.
- Sería útil dispoñer dunha **aula de convivencia inclusiva** cun protocolo de actuación encamiñado á corrección de condutas do alumnado que fose derivado a ela.
- Sería importante **concienciar as familias** da importancia da comunicación co profesorado titor ao longo do curso, en maior medida para o alumnado con certa conflitividade
- Afondar no desenvolvemento dos programas de **habilidades sociais**, de educación emocional e en valores de respecto mutuo, a convivencia, tolerancia e a resolución pacífica de conflitos.
- Recuperar, coa colaboración do DO, a **mediación entre iguais** coa finalidade de fomentar a solidariedade, a empatía e asertividade de cara a resolución pacífica de conflitos e artellar propostas preventivas e para a detección de situación de acoso escolar.
- Apoiar e coordinar máis de cerca o **programa titorial** dende o a xefatura de estudos e o departamento de orientación, fixar un calendario de reunións de coordinación.
- Potenciar as medidas de **atención á diversidade** e de compensación educativas para o alumnado procedente de minorías étnicas ou de privación sociocultural
- Promover a **formación do profesorado** respecto á función titorial, á mellora da convivencia, e actualización didáctica para adecuar as metodoloxías ao desenvolvemento competencial, que favorezan a formación integral, a aprendizaxe significativa, a interactividade e a funcionalidade do aprendido e a motivación por aprender.

4 OBXECTIVOS.

4.1 Obxectivos xerais.

O plan de convivencia deberá contribuír a acadar os seguintes obxectivos xerais:

1. Facilitar aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
2. Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
3. Fomentar no centro os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
4. Facilitar a prevención, detección, tratamento, seguimento, xestión e resolución dos conflitos que poidan producirse no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
5. Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.

6. Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
7. Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.
8. Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.
9. Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e liberdades fundamentais.

4.2 Obxectivos específicos.

Estes son os obxectivos consensuados que como centro nos propoñemos acadar para a mellora da convivencia, e que se explicitarán para cada curso:

- 1.1. Promover a **formación permanente do profesorado** en temas relacionados coa convivencia.
- 1.2. Recoller nas **normas de organización e funcionamento** do centro (NOF) accións ou propostas de mellora da convivencia nos distintos **espazos do centro** (especial atención aos accesos, patios de recreo, zonas de xogo, servizos etc.), así como nos momentos de maior actividade (entradas, saídas, cambios de clase, recreos etc.).
- 2.1. Coñecer a existencia de posibles **problemáticas relacionais** na comunidade educativa (alumnado-familias-profesorado).
- 2.2. Establecer **vías de sistematización das actuacións** en materia de convivencia que se desenvolven no centro.
- 2.3. Revisión e **adaptación dos documentos** de organización e de xestión de xeito que favorezan o clima de centro.
- 3.1. Elaborar de forma consensuada as **normas de convivencia** do centro e de aula.-
- 3.2. Favorecer o traballo en grupo e o **traballo cooperativo** como metodoloxías nas que se potencia o respecto e a solidariedade entre o alumnado.
- 4.1. Promover unha **cultura de resolución pacífica de conflitos** baseada no diálogo.
- 4.2. Propoñer actuacións que fagan que as aulas e o centro sexan **lugares de aprendizaxe e práctica da convivencia**.
- 5.1. Diseñar **mecanismos que faciliten a análise das causas e das consecuencias** das problemáticas detectadas, así como a prioridade na súa resposta.
- 5.2. Elaborar **protocolos de notificación e actuación** ante distintas situacións contrarias á convivencia (disrupción, violencia de xénero, agresións verbais, acoso escolar...).
- 6.1. Crear, formar e manter un **equipo** plural de **mediación** estable no centro, integrado por persoas representantes dos distintos sectores da comunidade.
- 7.1. Formar os diferentes membros da comunidade educativa en **habilidades comunicativas e de relación: a linguaxe asertiva**
- 8.1. Prever, no plan de convivencia, as **propostas de mellora** da convivencia desde a perspectiva dos diferentes compoñentes da comunidade escolar (alumnado, profesorado, familias e persoal de administración e servizos).
- 8.2. Elaborar de forma consensuada as **normas de convivencia** do centro.-

9.1. Establecer as liñas básicas de **colaboración e comunicación** con outras institucións que contribúan á mellora da convivencia no centro: concello, benestar, sanidade, xustiza, igualdade... e con outras organizacións non oficiais (ONG, fundacións...).

5 ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS PARA FAVORECER A CONVIVENCIA.

Actuacións preventivas e de sensibilización.

- a) Plan de acollida, particularmente interesante para o alumnado procedente dos centros de e primaria adscritos e para o alumnado inmigrante; incorpora xornadas de portas abertas ás familias para facilitarlles o coñecemento do centro, o seu proxecto educativo, a súa organización e das canles de participación; traspaso coordinado de información dos centros adscritos e entrevistas coas familias para recadar datos relevantes do alumnado para a súa correcta escolarización; e outras actuacións dentro do Plan de Acción Titorial, para informalos dos seu dereitos e deberes, Plan de convivencia, organización do grupo-clase....
- b) Difusións das normas de convivencia e dos protocolos de detección temperá de condutas contrarias ás mesmas.
- c) Campañas e actividades para a sensibilización fronte aos casos de acoso e intimidación entre iguais.
- d) Campañas e actividades de sensibilización na igualdade entre homes e mulleres para previr a violencia de xénero.
- e) Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal e social.
- f) Medidas de vixilancia de espazos e tempos considerados de risco, como os recreos, as entradas e as saídas do centro e os cambios de clase nos corredores.

Medidas organizativas, curriculares e de coordinación.

- g) A organización dos espazos do centro e dos tempos, así como a distribución dos recursos, para favorecer a convivencia.
- h) Constitución de grupos heteroxéneos e organización de medidas de atención á diversidade a partir da detección temperá de necesidades educativas e do proceso de avaliación inicial.
- i) Coordinación das actuacións docentes referidas á programación e o desenvolvemento do currículo, as estratexias metodolóxicas, a avaliación do progreso do alumnado e da práctica docente, as actividades compl. e extraescolares e os procedementos de comunicación interna.
- j) Procedementos de comunicación coas familias, particularmente das faltas de asistencia e para a xustificación destas .

Actuacións dirixidas a garantir a participación da comunidade educativa.

- k) Promover a elección de representantes no consello escolar, na xunta de delegados e a participación na ANPA; informar das súas funcións e difusión das súas actuacións.
- l) Favorecer a corresponsabilidade das familias co proceso educativo, a integración e o desenvolvemento persoal dos seus fillos, como pode ser o establecemento de compromisos educativos e de convivencia.
- m) Actuacións formativas dirixidas a garantir a participación efectiva da comunidade educativa, co obxectivo de mellorar a convivencia escolar e a resolución pacífica de conflitos.

Protocolo para a prevención, a detección e o tratamento das situacións de acoso escolar.

- n) Canles específicas que faciliten ás vítimas a exteriorización das situacións de acoso.
- o) Medidas a adoptar de atención á vítima.

Programas específicos para promover a convivencia no centro, que fomenten o diálogo, a corresponsabilidade e a cultura de paz.

- p) Programas que incorporen aspectos relacionados co autoconcepto e a autoestima, a xestión de conflitos, a dinámica de grupos, traballo cooperativo, a educación afectivo-sexual e a igualdade entre homes e mulleres, que se incorporarán ao PAT se o demandan os titores e co asesoramento do DO.
- q) Programas de habilidades e competencias sociais, elaborados e desenvolto polo DO, dirixidos ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas ou específico para o alumnado que estea temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro.
- r) Aula de convivencia inclusiva coa vocación de substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, como consecuencia da imposición de medidas correctoras.
- s) Programa TEI (titoría entre iguais) para a prevención da violencia e o acoso escolar e que ten como obxectivo básico mellorar a integración escolar, fomentando que as relacións entre iguais sexan máis satisfactorias e con actuacións orientadas á mellora do clima e da cultura do centro respecto da convivencia, conflito e violencia..
- t) Mediación escolar.
- u) Escola de nais e pais.

6 NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO.

6.1 Principios para a elaboración das normas de convivencia.

Para a elaboración destas normas e consecuencias, débese partir de dúas premisas:

- a. As normas han de ser froito dun proceso de participación da comunidade educativa a fin de aumentar o grao de compromiso co cumprimento das mesmas e de asunción das consecuencias cando se incumpran.
- b. As consecuencias ante o incumprimento das normas deben responder a un modelo de xustiza reparadora do dano causado máis que no cumprimento dunha sanción sen relación co dan causado nin coas necesidades da vítima, sexa esta unha persoa física ou o centro educativo.

Estas premisas son válidas tanto para a elaboración das normas de rango superior (NOF), como para as normas da aula.

Nas NOF procurarase que tanto o alumnado, ao través da Xunta de Delegados, as familias, ao través da Asociación de Nais e Pais, o profesorado e o persoal de administración e servizos, participen de forma real, para que o resultado sexa, un pacto pola convivencia, expresión dunha reflexión compartida e froito dun proceso democrático.

Elaboración das normas de convivencia democráticas da aula.

A súa elaboración realizarase nas sesións de titoría do primeiro trimestre segundo o procedemento recollido no Plan de Acción Titorial. No 1º curso da ESO dedicarase algunha sesión de sensibilización sobre a necesidade de ter unhas normas que regulen a convivencia na aula. Así mesmo, nos anos nos

que se planifique unha revisión das NOF, o PAT preverá sesións de tutoría para que os delegados de cada clase poidan aportar a súas opinións na Xunta de Delegados.

Os grupos elaborarán as normas de convivencia para a clase, tendo en conta as establecidas para o centro e os criterios para a súa elaboración:

- Redactalas en positivo.
- Ser básicas, claras e concretas.
- Ser realistas e fáciles de cumprir.
- Ser xustas e comprensibles.
- Ser reparadoras e estar o máis relacionadas posible coa falta cometida para que se encamiñen a axudar a comprender os efectos negativos da mala conduta.
- Ser coherentes coas normas de carácter superior. No poden ser negociables si pertencen a un ámbito superior (NOF, Decreto de Convivencia, Leis de Educación e de Convivencia, Constitución)
- Ser estables, non se cambian cando se quere.
- Deben basearse nun valor (responsabilidade, respecto, coidado)

Corresponde ao departamento de orientación a elaboración das unidades do PAT e o asesoramento aos titores de cara a elaboración das normas de aula do seu grupo. Compre ter en conta que, tan importante como o resultado final, é o proceso polo cal o alumnado se implica na elaboración dunhas normas e consecuencias que despois aceptarán como propias de forma máis natural.

6.2 Normas xerais de convivencia do centro.

- 1) Respetar as normas de organización e funcionamento do centro.
- 2) Respetar a todos os membros da comunidade educativa, na súa función, dignidade persoal e integridade física e moral.
- 3) Evitar todo tipo de violencia e promover a resolución pacífica dos conflitos.
- 4) Respetar os horarios establecidos, asistindo con regularidade ás clases e demais actividades ou reunións que corresponda e xustificando as ausencias e atrasos.
- 5) Facilitar o normal desenvolvemento das actividades do centro.
- 6) Manter un comportamento cívico e ordenado en todas as dependencias do centro.
- 7) Respetar as pertenzas dos demais da membros da comunidade educativa.
- 8) Respetar e usar correctamente as instalacións, materiais e demais recursos do centro.
- 9) Respetar as prohibicións legais respecto ao alcohol, tabaco e substancias estupefacientes.
- 10) Non facer uso de móbiles ou aparellos electrónicos de gravación ou de transmisión de imaxes ou son no recinto escolar.
- 11) Comunicar, dilixentemente e polo procedemento que se arbitre, as incidencias disciplinarias que alteren a orde e o normal funcionamento do centro así como todas as condutas contrarias á convivencia das que teña coñecemento.
- 12) O alumnado debe obedecer as indicacións do profesorado e do persoal non docente na totalidade do horario escolar.
- 13) O alumnado debe permanecer no centro durante toda a xornada escolar, agás autorización dos pais, e previa comunicación á titora ou titor.

6.3 Normas básicas na aula.

Ademais das que se elaboren en cada aula polo titor e o grupo de clase, serán normas básicas de aula as seguintes:

- 1) Tratar con respecto aos compañeiros e demais persoas, respectar as opinións dos demais, evitar respostas agresivas e contestacións que poidan ofender.
- 2) Asistir sempre con puntualidade e co material previsto, pedir permiso para levantarse ou saír e non recoller ata a indicación do profesor.
- 3) Atender cando o profesor explica ou cando intervén outro compañeiro, levantar a man para intervir ou pedir axuda e respectar as intervencións dos demais.
- 4) Traballar ordenadamente e en silencio, seguindo as indicacións do profesorado, esforzarse en facer ben as actividades e tarefas e non de calquera maneira.
- 5) Agardar dentro da aula ao profesor co que se teña clase, ou ao que estea de garda.
- 6) Observar as normas de educación, de civismo e de sentido común (evitar empurrón, pedir e ceder o paso, manter ton de voz moderado, limpeza, recollida de cadeiras, etc.).
- 7) Respectar o mobiliario e as instalacións da aula e as pertenzas dos compañeiros e do profesorado.
- 8) Coidar o material e o equipamento escolar propio e o facilitado polo centro, seguir as normas e indicacións do profesorado respecto do seu uso.
- 9) Ter apagados e gardados os móbiles e aparellos electrónicos de uso persoal.

6.4 Acceso ao centro.

Ningunha persoa allea ao centro terá acceso ás aulas e corredores durante o horario lectivo, agás autorización expresa e sempre acompañado por persoal do centro.

O persoal de asociacións ou institucións que participen no desenvolvemento de programas incluídos na Programación Xeral Anual, particularmente no Plan de Acción Titorial, estarán acompañados polo profesorado correspondente en función da actividade a desenvolver e da opinión do poñente, previamente informado das características do grupo. Analogamente para a realización de estudos ou investigacións nos que colabore ou participe o centro.

O persoal técnico e de mantemento deberá presentarse na conserxería do centro coa orde de servizo, para que, informado o director ou secretario, autorice o traballo de mantemento ou de reparación, coas instrucións precisas, facilite o acceso ás instalacións ou dependencias que corresponda. De selo caso, será acompañado por persoal de conserxería que rexistrará a súa entrada e a súa saída

Entrada e saída do alumnado na xornada escolar.

As entradas e as saídas do alumnado ao centro durante a xornada escolar, farase conforme ao horario lectivo que recolle a Programación Xeral Anual e figura na páxina web do centro; durante o cal, o alumnado deberá permanecer no centro ao cargo dalgún profesor de materia ou de garda. Calquera excepción respecto ao horario habitual de entrada ou de saída deberá xustificarse e quedará rexistrada na conserxería do centro de xeito que a dirección teña constancia do feito.

O alumnado que chegue tarde, despois de cerrar o acceso ao recinto, non poderá acceder ao centro agás veña acompañado polo nai/pai/titor legal que o xustifique ou aporte xustificación expresa do mesmo, nestes casos deberá rexistrar o atraso na conserxería de xeito que se lle facilite o pase imprescindible para que poida acceder ás aulas. No caso de permitir o acceso e de que o atraso

exceda moito da hora de comezo da clase ou este sexa reincidente queda a xuízo da dirección a oportunidade de incorporación do alumnado á aula ao comezo da seguinte sesión.

Ao rematar as clases e as actividades extraescolares, os escolares poderán **saír sós** sempre que os seus pais, nais, titores legais, acolledores separados ou divorciados con garda e custodia ao seu favor, presenten ante a dirección do centro unha **autorización expresa** ao respecto, eximindo á Consellería de calquera responsabilidade por danos ou lesións indemnizables que poidan sufrir os escolares. Igualmente, poderán ser recollidos por **adultos autorizados** ao efecto. Estas autorizacións cursaranse ordinariamente ao formalizar a matrícula e terán validez para todo o curso escolar. Poderanse modificar coa presentación dunha solicitude á dirección ao efecto e, de ser o caso, dunha nova autorización expresa.

As persoas encargadas da recollida teñen a obriga de reportar ao centro calquera demora que vaian a sufrir. Transcorrido o tempo de demora comunicado sen que aparezan, efectuaranse dende o centro chamadas aos responsables dos escolares, que de resultar infrutuosas, poderase determinar pola dirección a condución dos escolares ás dependencias da Policía Local. A reiteración desta situación en máis de 4 ocasións poderá dar lugar, tralo oportuno análise de circunstancias concorrentes, á revisión do medio de saída do centro.

O alumnado só poderá abandonar o centro durante o período lectivo se o recolle unha persoa que ostente a súa garda e custodia ou outra **expresamente autorizada** por esta; a saída deberá ser rexistrada na conserxería, reflectido a hora de saída, o **motivo**, o nome, o número do D.N.I. e a relación de parentesco do adulto que recolle ao alumno ou alumna.

-Sen menoscabo do anterior, todas as faltas producidas por saídas anticipadas do centro deben ser xustificadas polo procedemento habitual.-

Non obstante, os titores legais do alumnado validado ou exento nalgunha materia, Música, Danza e Artes Escénicas, Optativa ou de libre configuración poderán solicitar á dirección a súa autorización para que poidan abandonar o centro durante as clases motivo de validación ou exención. En caso de non estar autorizado ou de non exercer este dereito, poderá traballar no espazo habilitado pola dirección baixo a supervisión da xefatura de estudos.

Alumnado transportado.

O alumnado transportado accederá ao recinto escolar inmediatamente despois de baixar do autobús escolar, non podendo permanecer no exterior e, de igual modo, ás saídas subirá aos autobuses diligentemente, no caso de non estar dispoñibles, a espera realizarse dentro do recinto escolar.

As familias ou responsables legais do alumnado que puntualmente non vaia a utilizar o transporte deberán comunicalo con anterioridade, por exemplo cunha nota manuscrita asinada polo titor/a legal identificado polo seu DNI. En todo caso, obedecerán as indicacións do profesorado de garda.

No autobús son de aplicación as normas xerais de convivencia do centro, as normas específicas de seguridade, como abrochar o cinto de seguridade, por as mochilas no chan ou lugar habilitado sen obstaculizar o corredor, e obedecer ao condutor/a; e as demais normas que dita o sentido común, como a de non molestar aos demais usuarios.

Neste mesmo sentido, o alumnado non poderá **baixar sós** nas paradas do autobús escolar agás autorización expresa dos seus titores legais, que de xeito ordinario se fará no momento da matrícula. Igualmente, poderán ser recollidos nas paradas por **adultos autorizados** ao efecto. Estas autorizacións cursaranse ordinariamente coa solicitude de transporte escolar e terán validez para todo o curso escolar.

Os autobuses esperarán ata 5 minutos nas paradas, os acompañantes ou responsables das empresas chamarán aos responsables dos escolares, para que acudan ás seguintes paradas ou ben recollan aos alumnos nas dependencias das empresas, nas que permanecerán ao seu coidado ata hora do seu

peche diario. Chegada esta hora sen que fosen recollidos, levaranos ás dependencias da Policía Local. A reiteración desta situación en máis de 4 ocasións poderá dar lugar, tralo oportuno análise de circunstancias concorrentes, á revisión do medio de recollida nas paradas.

Acceso das familias

Os pais e nais ou titores legais procurarán solicitar previamente a reunión que desexen. Cando acudan ao centro comunicarán en conserxería o motivo da súa visita ou cita, serán recibidos/as na nas salas de titoría habilitadas, oficinas ou despachos habituais. Absteranse de acceder ás aulas, corredores ou outras zonas.

6.5 Uso dos espazos do centro, aulas, biblioteca, ... mantemento das aulas

Coidado das instalación, mobiliario, material e recursos do centro.

1. A comunidade educativa disporá dun centro limpo e ben conservado. Todos os membros da comunidade educativa preocuparanse de manter a limpeza e a orde nas dependencias do centro.
2. Quen ensucie ou tire papeis ou outros obxectos ao chan nas aulas, corredores, patio, zonas axardinadas ou calquera outro espazo estará obrigado a limpar ou recoller inmediatamente. En caso de negativa, a quen lle faga a corrección, e tras valorar a situación, o Director ou Xefatura de Estudos imporán a corrección correspondente que necesariamente incluírá a colaboración no mantemento e limpeza do centro.
3. Calquera dano que se produza no centro, nas súas instalacións ou no seu mobiliario, deberá ser reparado polo/a causante ou deberá correr cos gastos de reparación e, se procedese, asumirá a sanción que impoña o órgano competente. En todo caso, os pais, nais ou representantes legais dos alumnos/as serán responsables civís nos termos previstos na lei.
4. Os carteis e avisos colocaranse nos taboleiros de anuncios. Non se admitirán avisos, notas ou documentos anónimos, discriminatorios, irrespectuosos ou contrarios aos valores do centro recollidos no seu Proxecto Educativo. O uso dos taboleiros de anuncios por persoas alleas ao centro deberá ser autorizado por algún membro do equipo directivo.

Aulas xenéricas de grupo.

1. O alumnado disporá dunha aula limpa e ordenada. É tarefa do grupo que ocupa habitual ou ocasionalmente unha aula mantela limpa e ordenada.
2. Cada titor/a de xeito xeral ou calquera profesor/a na súa sesión de clase, establecerá o lugar que deba ocupar cada alumno ou alumna.
3. Cada alumno é o depositario do seu pupitre e cadeira, e de ser o caso do seu ordenador, durante a duración do curso académico, responsabilizándose de mantelo en perfecto estado e limpeza.
4. Calquera dano (pintadas, esconchados, etc.) que se produza na aula ou no seu mobiliario, deberá ser reparado por quen o causou ou deberá correr cos gastos de reparación. Se o dano é intencionado carreará as sancións estipuladas. En caso de non atoparse a persoa responsable, será o grupo quen asuma toda a responsabilidade.
5. Terase especial coidado coas pertenzas e os traballos individuais ou colectivos que se atopan nunha aula. En caso de dano actuarase como no parágrafo precedente.
6. Cando parte do alumnado dun grupo deba acudir a outra aula específica, de dobre ou de agrupamento, deixará recollido o seu material e pertenzas. Ademais, cando un grupo enteiro deba abandonar a súa aula habitual, a porta da clase quedará cerrada e o material recollido, non deixando obxectos de valor. O centro non se fará responsable da perda ou subtracción de obxectos.

7. Así mesmo para previr un uso incorrecto das instalacións e a subtracción de pertenzas, o alumnado abandonará necesariamente as aulas durante o recreo e non poderá regresar a elas ata que finalice este tempo de lecer, se non o acompaña persoal autorizado (profesorado ou conserxes). (6.6 Recreos)

8. Para facilitar o traballo do persoal de limpeza ao termo da xornada escolar o alumnado deixará a aula recollida e ordenada, coas cadeiras debrocadas enriba cadanseu pupitre.

9. Se unha aula quedase especialmente sucia ou desordenada, dificultando o traballo ao persoal de limpeza, non será atendida polo persoal de limpeza e o grupo responsable farase cargo dela.

10. O profesorado velará pola orde e a limpeza da aula ao longo de todo o horario lectivo, e especialmente no que se refire a pechar a aula na saída ao recreo e á recollida da aula ao final da xornada, esperando a que todo o alumnado abandone a aula para garantir o seu cumprimento. (12.1 Control de alumnado)

Aulas específicas, biblioteca e salón de actos.

1. Cando o alumnado deba acudir a clase nunha aula específica (Debuxo, Música, Tecnoloxía, Informática, Laboratorio,...), deberá seguir as **normas específicas** das mesmas, que deberán estar expostas e recollidas nas NOF, ademais de vir provistos dos materiais e utensilios específicos previstos nas programacións didácticas para o desenvolvemento das tarefas, prácticas ou actividades curriculares correspondentes..

2. En xeral, os usuarios de calquera das aulas de uso compartido deberán observar, aínda máis escrupulosamente, todas as normas que teñen vixencia na propia aula, colaborando en deixalas perfectamente recollidas e ordenadas despois do seu uso e segundo as indicación do profesorado ao respecto, de xeito que queden plenamente dispoñibles para os seguintes usuarios das mesmas.

3. Nas **aulas de Informática** estableceranse normas sobre a utilización dos equipos e o acceso á web. A utilización do equipamento informático debe ter unha **finalidade didáctica**, de modo que, está prohibida a utilización de xogos de ordenador e as visitas a páxinas web e chats sen contido educativo.

4. Está terminantemente prohibido o acceso a páxinas web das que a temática non estea de acordo cos fins que se perseguen nun centro educativo (as que traten de pornografía, racismo, xenofobia, calquera tipo de violencia ou incitación a ela...), así como a transmisión de ficheiros con este tipo de contidos.

5. En ningún caso se permitirá a comunicación de datos de carácter persoal nin a adquisición de bens ou servizos dende os equipos do centro. Para usar os medios de captura de vídeo ou son, compre que sexa solicitado polo profesor e autorizado expresamente.

6. As NOF recollerán aspectos referidos á utilización dos equipos, instalación de programas, acceso a internet, e a necesaria supervisión do profesorado.

7. No **Laboratorio** e no taller de **Tecnoloxía** compre velar polo cumprimento estrito das normas de seguridade e hixiene o alumnado. O alumnado seguirá as indicación do profesorado e as normas da para a realización das prácticas, a utilización segura de útiles, máquinas e ferramentas, e para a manipulación de materiais e produtos perigosos.

8. Para o uso do **Pavillón, Salón de Actos** e **Biblioteca** compre que o alumnado estea acompañados dalgún profesor previa reserva segundo o procedemento que arbitre a dirección.

9. Ademais, na Biblioteca, como sala de lectura e estudo, compre gardar silencio e non facer balbordo ou ruídos. As NOF recollerán aspectos referidos ao uso dos seus fondos, sobre a consulta na propia sala ou mediante o servizo de préstamo, tales como os prazos de devolución do materia prestado e a reposición do material extraviado ou deteriorado.

10. No Pavillón polideportivo, o alumnado virá provisto do equipamento obrigatorio para o desenvolvemento da materia de EF (camiseta, pantalón corto e zapatillas deportivas) e cumprir as normas básicas de hixiene de aseo e cambio de roupa ao finalizar a clase.(6.8 material)

Corredores e escaleiras

Do mesmo xeito que as aulas, os corredores, escaleiras e demais dependencias do centro, consideraranse espazos de respectuosa e ordenada convivencia, polo tanto:

1. A circulación por corredores e escaleiras farase de modo correcto, non son admisibles as carreiras, berros, asubíos, nin sentar no chan, pelexarse (“ata de broma”) ou producir ruídos.
2. En ningún caso se poderá permanecer nos corredores durante o desenvolvemento das clases.

Servizos.

1. Os servizos serán utilizados con corrección e deberase coidar especialmente a súa limpeza. O acceso aos aseos será sempre individual e obrigatorio o lavado de mans ao finalizar.
2. En condicións normais non se irá ao servizo fora dos recreos. Excepcionalmente o alumnado solicitará ao profesor correspondente o permiso necesario, de ser concedido, sairá o tempo indispensable.
3. A limpeza das pintadas en portas e paredes correrá, de ser o caso, a cargo de quen as realice.
4. Ocultarse no servizo ou noutras dependencias, durante as horas de clase ou no recreo será considerado como conduta contraria á convivencia.

6.6 Recreos.

1. Durante os recreos o alumnado estará no patio, vestíbulo, na cafetería ou na biblioteca. Só poderán permanecer nas aula se o fan acompañados e baixo a responsabilidade dalgún profesor.
2. O comportamento no patio ou en calquera dos lugares mencionados será o correcto en todo momento. Terase especial coidado en non tirar desperdicios ao chan, senón nos recipientes e papeleiras colocados ao efecto.
3. O alumnado será puntual no momento de regresar ao aula tras o período de recreo e non poderá introducir na aula bolsas con comida, lambetadas ou bebida, agás nos casos en que motivos de saúde así o aconsellen.

6.7 Teléfonos móbiles, alcohol, tabaco ...

Uso de teléfonos móbiles e aparellos de son e imaxe.

1. Se un alumno necesitase facer unha chamada urxente, comunicarao ao profesor, quen tras valorar a situación autorizará ao alumno acudir a Xefatura de estudos ou a Dirección para realizar a chamada.
2. Se un alumno recibise unha chamada de carácter urxente, o persoal de conserxería ou o profesor de garda transmitirían a mensaxe ou darían o permiso para atender a chamada canto antes.
3. O uso de teléfonos móbiles e de reprodutores de música, audio e vídeo, cámaras de fotos ou vídeo ou outros dispositivos de comunicación electrónica), está prohibido durante toda a xornada escolar, polo que deberán estar apagados e gardados, agás autorización expresa do profesorado para o seu uso na aula como ferramenta pedagóxica.
4. Os teléfonos móbiles, cámaras de fotos, aparellos reprodutores de música ou outros medios, que sexan utilizados na aula, serán requisados e entregados á Xefatura de Estudos e devoltos ao pai/nai ou titor legal do seu propietario ou ao alumno se é maior de idade.

5. De acordo coa lexislación vixente non está permitido fotografar nin filmar as persoas sen o seu consentimento ou o dos seus pais/nais ou titores legais se son menores.

6. No caso de que algún membro da comunidade educativa fose obxecto de fotografías ou gravacións non consentidas, o centro (ademais das sancións correspondentes) poderá poñer os feitos a disposición das autoridades pertinentes.

7. En calquera caso, está prohibido mostrar e difundir a través de teléfonos móbiles ou outros aparellos, imaxes de mal gusto ou nas que se contemplan tratos degradantes, vexacións ou agresións, de membros da comunidade educativa.

Alcohol, tabaco e outras substancias ilegais ou nocivas.

1. A lexislación vixente prohíbe a venda, distribución e consumo de bebidas alcohólicas e outras substancias nos centros educativos; tamén incitar a consumilas. Contravir esta norma será considerado falta grave.

2. Conforme a lexislación vixente, está prohibido fumar en todas as dependencias do centro, patios, accesos aos edificios ou beirarrúas circundantes.

3. A posesión, o consumo, a distribución ou venda de drogas, no recinto escolar, consideraranse faltas graves e darán lugar as actuacións legais que procedan.

Actividades extraescolares.

Cando unha parte dun grupo realice unha actividade complementaria ou extraescolar, os que non participen teñen a obriga de asistir a clase como calquera outro día.

O uso dos móbiles durante o desenvolvemento de saídas e viaxes será ou non autorizado pola persoa responsable da actividade que velará polo uso responsable dos mesmos.

Para as viaxes de estudos e intercambios estableceranse normas específicas das que será informado o alumnado que teñan previsto participar e os seus titores legais. Para poder participar é requisito imprescindible contar coa autorización expresa dos seus titores legais, coa aceptación das normas de comportamento e asunción plena da responsabilidade dos danos e gastos que se deriven do mal comportamento do seu fillo ou do incumprimento desas normas.

6.8 Faltas de asistencia, de puntualidade e de material.

1. Con carácter xeral, teñen a consideración de xustificables as seguintes faltas de asistencia a clase do alumnado que se acrediten documentalmente:

- a) Citacións que impliquen un deber inescusable, sendo xustificable o tempo necesario.
- b) Morte ou enfermidade grave dun familiar de primeiro ou segundo grao.
- c) Tramitación de documentos oficiais, presentación a exames e probas oficiais ou similares, sendo xustificable o tempo necesario.
- d) Indisposicións, podendo ser xustificables ata un máximo de 2 días lectivos.
- e) Enfermidade, sendo xustificable o tempo de prescrición médica.

2. No caso de faltas de asistencia a clase do alumnado non contempladas no apartado anterior, quedará a criterio da dirección a consideración das excepciónais circunstancias que concorran para a súa xustificación ou non.

3. Os atrasos consideraranse xustificables nestas mesmas condicións, é dicir, cando se achegue a documentación ou alegación correspondente: citación ou deber inescusable, análises ou revisións médicas, incidencias familiares,...

4. O profesorado titor deberá comunicar ás nais, aos pais ou ás persoas titoras legais ou gardadoras do alumnado todas as faltas de asistencia a clase de cada mes, dentro dos primeiros cinco días naturais do mes seguinte e diferenciando as faltas xustificadas das non xustificadas.

5. Cando o profesorado titor verifique que unha alumna ou un alumno presenta un número de faltas de asistencia a clase sen xustificar superior ao dez por cento (10%) do horario lectivo dun determinado mes propondrá, co visto e prace da dirección do centro educativo, o inicio dun expediente de absentismo e comunicará a situación á xefatura de estudos.

6. O alumnado acudirá ás clases co material escolar ou equipamento necesarios para o desenvolvemento das actividades de estudo e que fora indicado polo profesorado. Aos que acudan sen o material previsto avisaráselles, e de repetirse a situación, comunicaráselle a súa familia polo profesor afectado. De non surtir efecto, será o titor quen o poña en coñecemento da familia, contactando coa mesma para tratar de coñecer as causas (falta de recursos, desatención familiar....) e atopar solución. Se aínda así persistise esta situación, porase en coñecemento da Xefatura de Estudos, para que adopte as medidas que considere oportunas para a súa corrección. O titor será informado sempre das comunicacións realizadas tanto por parte do profesorado da materia coma pola dirección.

7. O feito de que un alumno ou alumna non traía o material necesario, non é necesariamente motivo de expulsión.

Folga de alumnado

Ca finalidade de garantir o dereito de reunión do alumnado, e sempre que haxa unha convocatoria de folga do alumnado por parte dalgún sindicato ou dalgunha asociación estudantil, procederase do seguinte xeito:

a) Os representantes do alumnado avisarán da convocatoria de reunión ou folga á Xefatura de Estudos, coa suficiente antelación (polo menos 48 horas), presentando a correspondente acta levantada pola Xunta de Delegados, así como a relación nominal dos alumnos/as que teñen intención de reunirse ou de secundar a folga nos distintos grupos. Do mesmo xeito, deberán presentar previamente no centro a pertinente autorización asinada polo seu pai, nai ou titor/a legal, que lle será facilitada e recollida polos titores.

b) Os titores, á vista das autorizacións recibidas, rexistrarán no XADE as ausencias autorizadas polos pais/nais ou titores legais como xustificadas.

c) Ao finalizar a reunión o alumnado deberá incorporarse ás clases.

d) O alumnado que secunde a folga non poderá acceder ás clases ao longo da xornada. No caso que acuda ao centro, entenderase que non secunda a folga, aínda tendo asinada a autorización pertinente.

7 CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA ESCOLAR.

7.1 Tipificación de condutas contrarias á convivencia.

1. As condutas contrarias á convivencia, tipificadas como faltas, clasifícanse nas seguintes:

a) Condutas leves contrarias á convivencia.

b) Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

2. De acordo co establecido no artigo 28 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, considérase **acoso escolar** calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro

social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar. O acoso escolar terá a consideración de conduta gravemente prexudicial para a convivencia.

3. Para o caso de comisión de condutas que deriven en actos que puidesen ser constitutivos de **delito** ou **falta penal**, a dirección do centro, por instancia propia ou de calquera membro da comunidade educativa, deberao pór en coñecemento da Administración educativa e dos corpos de seguridade correspondentes, ou do Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas preventivas oportunas.

7.2 Condutas leves contrarias á convivencia.

Consideraranse condutas contrarias ás normas de convivencia do centro as seguintes:

- a) Faltar inxustificadamente ás clases. (42c)
- b) Chegar tarde ás clases e demais actividades académicas sen xustificación. (42c)
- c) Entrar ou saír da aula sen permiso ou desordenadamente, mesmo nos intercambios de clase nos que non hai que trasladarse a outra aula ou abandonala mentres falta o profesor/a.(42e)
- d) Non seguir as normas da aula ou as indicacións do profesorado con respecto ao traballo na clase. Negarse a facer as tarefas, facelas con desinterese e pasividade ou facer tarefas distintas das encomendadas. (42e)
- e) Non traer os deberes feitos, o equipamento, os materiais e utensilios que estean estipulados ou fosen indicados para unha actividade concreta. (42d)
- f) Copiar nos exames ou entregar traballos copiados ou alleos como propios.(42e)
- g) Falar cando está falando o profesor, preguntar insistentemente con ánimo de interromper ou retrasar, ou molestar na clase falando sen motivo nin permiso. (42a)
- h) Calquera comportamento que impida o normal desenvolvemento das clases interrompéndoo sen motivo (42a): emitir ruídos, risas, asubíos, berros etc, cantar, xoguetear, chamar a atención dos compañeiros, levantarse do sitio sen permiso, gardar as cousas antes de tempo sen permiso, consumir lambetadas ou outro tipo de comida, tirar cousas pola clase, desordenar o mobiliario...
- i) Mostrar actitudes indecorosas como bocexar ostentosamente ou espreguizarse, adoptar posturas incorrectas, Proferir palabras malsoantes e emprego de vocabulario basto.
- j) Non obedecer, discutir descortesmente ou rir as indicacións do profesorado e persoal non docente, así como responderlles de forma irrespectuosa ou irada. (42a)
- k) Insultar, menosprezar, facer xestos despectivos ou comentarios mordaces contra calquera membro da comunidade educativa, así como difamar, levantar ou difundir bulos ou calumnias sobre calquera membro da comunidade educativa. que non supoña inxuria ou ofensa grave. (42a)
- l) Intimidar, ameazar, empurrar ou agredir aos compañeiros ou compañeiras. que non supoña ameaza ou agresión grave. (42a)
- m) Marxinar, illar, ignorar, non deixar participar a compañeiro ou ás compañeiras que non supoña acoso ou discriminación grave. (42a)
- n) Asistir ás clases e demais actos académicos mal aseados ou cunha indumentaria non axeitada, indecorosa ou estrafalaria. As gafas de sol, os gorros ou similares están prohibidos en todo o recinto escolar, así como capuchas ou calquera prenda que cubra a cabeza e dificulte a identificación persoal. (42b)
- o) Ensuciar as dependencias do centro con cascas de froitos secos, bolsas de lambetadas, botes de refrescos, restos de bocadillos, papeis, etcétera. Facer no edificio, nas súas instalacións ou no mobiliario apuntamentos, debuxos, símbolos ou pintadas ou pegar chicles ou outros pequenos danos. (42a)

- p) Subtraer, deteriorar ou facer un uso inadecuado dos bens ou das pertenzas dos demais membros da comunidade educativa e do propio centro. (42a)
- q) Correr ou berrar en calquera dependencia do centro, sobre todo en horario de clase (42a), ou obstaculizar intencionadamente o tránsito das demais persoas polos corredores ou escaleiras e o acceso ás dependencias do centro.
- r) Utilizar ou ter conectados algún tipo de aparello musical, fotográfico, teléfono móbil, etc con ou sen auriculares. Tamén non entregalos diligentemente por requirimento do profesorado. (42b)
- s) Falsificar os informes das cualificacións ou calquera comunicación entre o centro e os pais ou representantes legais dos alumnos, ou a sinatura dos mesmos. (42e)
- t) Non entregarlles aos pais ou titores legais as comunicacións que o centro envíe a través dos alumnos ou non entregar os xustificantes e comunicados que haxa que devolver ao centro ou non facelo nos prazos establecidos. (42e)
- u) Abandonar o centro ou ausentarse dunha actividade extraescolar sen autorización expresa ou agochase nas dependencias do centro ou lugares non permitidos. (42a)
- v) Non respectar as normas de uso do transporte escolar, especialmente non acceder directamente ao recinto escolar á chegada do autobús escolar ou non acceder directamente ao autobús escolar á saída do centro, levantarse do asento ou non obedecer ao condutor. (42e)
- w) Introducir no centro aparellos, publicacións, tabaco ou substancias que poidan representar algún tipo de perigo para a integridade física, moral ou da saúde dos membros da comunidade educativa. (42b)
- x) Comunicarse con persoas alleas ao centro durante a xornada escolar e pasar ou recibir obxectos ou substancias ao través do valado do recinto escolar. (42e)
- y) Acompañar no centro ou facilitar a entrada a persoas alleas ao mesmo ou as súas actividades. (42e)
- z) Incitar a compañeiros, colaborar con eles ou encubrilos na comisión de condutas contrarias a estas normas. (42e)

* Figura entre paréntese a correspondencia co artigo 42 do Decreto 8/2015.

7.3 Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

Considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro as seguintes:

- a) As **agresións** físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- b) Os actos de **discriminación** grave contra membros da comunidade educativa por circunstancia persoal ou social (nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas...).
- c) Os actos individuais ou colectivos de **desafío á autoridade** do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d) A **gravación**, a manipulación e a **difusión** por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra os dereitos á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- e) As actuacións que constitúan **acoso escolar**.
- f) A **suplantación** de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.

- g) Os **danos graves** causados ás instalacións e aos materiais do centro de forma intencionada ou por negligencia grave, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
- h) Os **actos inxustificad**os que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- i) As **actuacións gravemente prexudiciais** para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.
- j) Portar calquera **obxecto**, substancia ou produto gravemente **perigoso** para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os teléfonos móbiles, cámaras de fotos, aparellos reprodutores audiovisuais, cando se é requirido para iso polo profesorado.
- k) A **reiteración**, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- l) O **incumprimento** das sancións impostas.
- m) A **falta colectiva de asistencia** a clase cando esta non fora o resultado do exercicio do dereito de reunión previamente comunicadas á dirección do centro e autorizadas por esta co informe favorable da comisión de convivencia.

8 MEDIDAS DE CORRECCIÓN.

8.1 Ámbito de aplicación.

Estas normas de convivencia rexerán dentro do recinto escolar, no transporte escolar e durante o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares.

Tamén serán obxecto de corrección disciplinaria as condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas polo alumnado fóra do recinto escolar, ou mediante o uso de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afecten a membros da comunidade educativa.

8.2 Principios das medidas correctoras.

1. Os procesos de corrección das condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar forman parte do seu proceso educativo, polo que as correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia deben reunir os seguintes requisitos:
 - Ter carácter educativo e recuperador.
 - Garantir o respecto dos dereitos de todo o alumnado e procurar a mellora da convivencia no centro docente.
 - Contribuír a que o alumno corrixido asuma o cumprimento dos seus deberes e mellore as súas relacións con todos os membros da comunidade escolar e se integre no centro educativo.
 - Ser proporcionais á gravidade da conduta corrixida.
2. O diálogo e a conciliación serán as estratexias habituais e preferentes para a resolución de conflitos no ámbito escolar.
3. Nos casos en que fose necesario, realizarase a oportuna asistencia e orientación psicopedagóxica ás vítimas e ás persoas agresoras.
4. Garantíraselle ao alumnado vítima de situacións de acoso escolar a protección da súa integridade e dignidade persoais e do seu dereito á educación, e deberá primar sempre o interese da vítima sobre calquera outra consideración no tratamento destas situacións. Esta protección garantirase mediante

medidas cautelares que impidan a ameaza, o control ou o contacto entre vítima e causantes da situación de acoso.

5. O incumprimento das normas de convivencia será valorado antes da imposición da corrección tendo presente a idade e as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado corrixido.

6. Ningunha alumna ou alumno poderá ser privada/o do exercicio do seu dereito á educación nin, do seu dereito á escolaridade.

7. Non poderán imporse correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.

8. Para o caso de alumnado menor de idade non emancipado, as persoas proxenitoras ou representantes legais deste deberán ter puntual información sobre as correccións de condutas que lles afecten, nos termos previstos neste decreto e nas normas de organización e funcionamento do centro educativo en que estean escolarizado.

9. Non se poderá instar a aplicación dunha sanción respecto ás faltas cometidas, sen constancia escrita do feito; ordinariamente, esta constancia farase a través dos “partes” cubertos e asinados polos profesores implicados ou testemuñas.

8.3 Gradación das medidas correctoras.

Para a gradación das medidas correctoras previstas nestas normas, terase en conta como:

1. Circunstancias atenuantes:

- O recoñecemento espontáneo da conduta incorrecta e a colaboración voluntaria para o seu esclarecemento.
- A falta de intencionalidade.
- O desagravio ou reparación espontánea dos danos producidos.

2. Circunstancias agravantes:

- A existencia de premeditación ou intencionalidade.
- A reiteración ou reincidencia.
- A concorrencia de circunstancias de colectividade.
- A difusión por calquera medio da conduta, das súas imaxes ou a ofensa.
- Causar dano, agredir, ofender ou inxuriar aos compañeiros que están en manifesta inferioridade, por ser de menor idade, de recente incorporación ao centro ou que está en condicións de especial vulnerabilidade.
- As actitudes ou manifestacións de indiferenza ou desprezo ás normas de convivencia ou ás indicacións do profesorado, particularmente cando está a desempeñar a tarefa de profesor de garda ou non lle da clases ao alumno interesado.

8.4 Reparación dos danos.

1. O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e aos materiais do centro, incluído equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación ou valor de reposición.

Así mesmo está obrigado a restituír o subtraído ou, se non for posible, a indemnizar o seu valor. Os pais/nais ou tutores/as legais serán os responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.

2. Cando se incorra en condutas tipificadas como agresións físicas ou morais, deberá repararse o dano moral causado mediante a presentación de escusas e asumindo a responsabilidade dos actos,

ben en público ou privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos, e de acordo co que determine a resolución que impoña a corrección da conduta.

3. A responsabilidade de reparación de danos é compatible coas correccións disciplinarias, que de ser o caso, correspondan.

8.5 Prescrición das condutas e das medidas correctoras.

1. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia prescriben aos **catro meses** da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia ao **mes**.

2. O prazo de prescrición comezará a contar desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso en que o prazo de prescrición non empezará a computar mentres esta non cese.

3. No caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conduta, e reiniciarase o cómputo do prazo de prescrición no caso de producirse a caducidade do procedemento.

As medidas correctoras previstas para as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia prescriben ao **ano** da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón. As medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia prescriben aos **catro meses** da súa imposición.

8.6 Corrección de condutas leves contrarias á convivencia.

Correccións de condutas leves contrarias á convivencia

- a) **Amoestación** privada ou por escrito.
- b) **Comparecencia** inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos.
- c) Realización de **traballos** específicos en horario lectivo.
- d) Realización de **tarefas**, en horario non lectivo, que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- e) Suspensión do dereito a participar nas **actividades extraescolares ou complementarias** do centro por un período de ata dúas semanas.
- f) **Cambio de grupo** por un período de ata unha semana.
- g) Suspensión do dereito de **asistencia a determinadas clases** por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- h) Suspensión temporal do dereito de **asistencia ao centro** por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

Medidas complementarias ás anteriores correccións

- i) Reter pertenzas (móviles, aparellos tecnolóxicos, xoguetes ou outros innecesarios ou perigosos) durante a xornada escolar.
- j) Restringir ou prohibir o acceso á, biblioteca, cafetería, ordenadores, taquillas, uso do transporte ou doutro servizo complementario do centro por un período de ata unha semana.

Competencia correccións

A imposición das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia levaraa a cabo:

- a) O profesorado do alumno/a, oído este e dando conta á xefatura de estudos no caso das medidas a), b), c) e i)

- b) O titor ou titora do alumno/a, oído este e dando conta á xefatura de estudos no caso das medidas a), b), c), d) e i).
- c) A xefatura de estudos ou a dirección, oídos o alumno/a e o seu profesor/a ou titor/a no caso das medidas a), b), c) d), e) , f), i) e j).
- d) A dirección, oídos o alumno/a e o seu profesor/a ou titor/a no caso das medidas g) e h).

Procedemento

1. Os obxectos retirados polo profesorado serán depositados por este na dirección coas debidas garantías, quedando á disposición da nai ou pai ou titor legal (ou do alumno se é maiores de idade) unha vez finalizada a xornada escolar. No caso de obxectos ou substancias ilegais serán postos a disposición das autoridades competentes.

2. A imposición das medidas correctoras g) e h) requiren resolución expresa que deberá comunicarse á nai ou pai ou ao titor/a do alumno/a antes de que estas se fagan efectivas, así como a comisión de convivencia. Logo desta notificación, os seus proxenitores ou representantes legais poderán mostrar o seu desacordo coa súa aplicación, no prazo de **dous días** lectivos, mediante solicitude de revisión dirixida á dirección do centro que, logo de analizar e valorar as alegacións presentadas, ratificará ou rectificará a medida correctora.

A resolución que impoña algunha destas medidas correctoras, por fin á vía administrativa e é inmediatamente executiva.

O resto das medidas non requiren resolución expresa, non obstante, de facelo constar por escrito e de comunicarllo aos seus pais ou representantes legais, poderase considerar a efectos de determinar unha posible falta grave por reiteración de condutas leves.

A dirección facilitará ao profesorado o modelo de comunicación para a aplicación das medidas a), b) e c). Neste último caso, o alumnado poderá ser enviado á aula de convivencia ou, no seu defecto, quedar ao cargo do profesorado de garda.

8.7 Corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

Correccións de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia

1. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

- a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de **tarefas** que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- b) Suspensión do dereito a participar nas **actividades extraescolares ou complementarias** do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- c) **Cambio de grupo.**
- d) Suspensión do dereito de **asistencia a determinadas clases** por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- e) Suspensión temporal do dereito de **asistencia ao centro** por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- f) **Cambio de centro** (de carácter excepcional e require da autorización da Xefatura Territorial)
- g) Prohibición do acceso á cafetería, ás taquillas, uso do transporte ou doutro servizo do centro.

2. Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características

persoais, sociais ou educativas, terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán asociadas como medidas correctoras as establecidas nas alíneas e) ou f) do punto anterior.

Competencia e procedemento.

3. A corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro require a instrución dun procedemento corrector, correspondendo á dirección decidir a incoación e a resolución do mesmo, a designación do profesor encargado da súa instrución e, de selo caso, a adopción de medidas provisionais.

Seguirase o **procedemento** previsto no artigo 20 e 25 da Lei 4/2011 e desenvolto nos artigos 46-54 Decreto 8/2015, para o que se deberán contemplar os **aspectos formais** establecidos no artigo 37 deste mesmo decreto. (anexo).

4. A medida correctora de cambio de centro ten carácter excepcional, polo que, no caso de que a persoa instrutora propoña á dirección esta medida, esta deberá comunicalo á Xefatura Territorial coa achega do expediente do procedemento corrector para a súa autorización.

5. A dirección poderá levantar as medidas de suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases ou ao centro a un alumno/a, se constata se produciu un cambio positivo na súa actitude e na súa conduta, deixando constancia por escrito no expediente do procedemento corrector, das razóns ou motivos que permitiron apreciar o antedito cambio.

8.8 Aspectos formais.

1. No exercicio das funcións de corrección de condutas contrarias á convivencia, a constatación de feitos constitutivos de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia reguladas no apartado anterior deberán formalizarse **por escrito**, logo da tramitación dos procedementos de corrección regulados no epígrafe seguinte.

2. O documento de **constatación dos feitos** elaborado polo profesorado considérase, agás proba en contrario, acreditación suficiente deles e, polo tanto, contará co **presunción de veracidade** de acordo co establecido no artigo 11.2 da Lei 4/2011, de convivencia e participación da comunidade educativa, e deberá conter como mínimo os seguintes datos:

- Lugar, data e hora da comisión da acción ou omisión que dá lugar ao procedemento.
- Descrición da acción ou omisión que determina a incoación do procedemento.
- A norma que se considere infrinxida, sen que esta mención implique a cualificación definitiva da acción ou omisión que dá lugar ao procedemento.
- Nome, apelidos, e datos académicos do alumno/a incurso no procedemento, e se non fose maior de idade, tamén a identificación das persoas proxenitoras ou dos seus representantes legais.
- De ser o caso, identificación das persoas que presenciasen a acción ou omisión que dá lugar ao procedemento ou que puidesen achegar datos de interese para a comprobación dos feitos.
- Identificación e sinatura da persoa docente que elabore o documento.

3. A **incoación do procedemento** notificarase á nai ou ao pai, á titora ou ao titor legal da alumna ou do alumno, ou a este, se fose maior de idade, con indicación da conduta que o motiva, as correccións que puidesen corresponder e o nome da persoa docente instrutora. Así mesmo, comunicarase á Inspección Educativa.

4. As **citacións** ao alumnado ou, se fosen menores de idade non emancipados, tamén ás persoas proxenitoras ou aos seus representantes legais, realizaranse por calquera medio de comunicación inmediata que permita deixar constancia fidedigna de terse realizado e da súa data.

5. A **non comparecencia** sen causa xustificada do alumnado ou, de ser o caso, das persoas proxenitoras ou dos seus representantes legais, ou ben a negativa a recibir comunicacións ou notificacións, non impedirá a continuación do proceso de corrección.

6. As **audiencias** e comparecencias das nais e pais ou das titoras ou titores legais do alumnado menor de idade nos procedementos aquí regulados son obrigatorias para elas e eles, e a súa desatención reiterada e inustificada será comunicada ás autoridades competentes, para os efectos da súa posible consideración como incumprimento dos deberes inherentes á patria potestade ou á tutela.

7. A **resolución do procedemento** notificarase á nai ou ao pai, á titora ou ao titor legal da alumna ou do alumno, ou á propia alumna ou alumno se fose maior de idade, nun prazo máximo de doce días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento, e comunicarase igualmente á Inspección Educativa.

8. A resolución do director do centro pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva. Contra a resolución do director do centro cabe instar a revisión ante o Consello Escolar no prazo de **dez días** lectivos nos termos previstos na alínea f) do artigo 127 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

9 PROCEDIMENTOS CORRECTORES DE CONDUCTAS GRAVES.

9.1 Aspectos xerais dos procedementos

Aspectos previos do procedemento.

1. A corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro require a instrución dun procedemento corrector que poderá ser conciliado ou común.

Utilizarase un ou outro procedemento dependendo das características concretas da conduta que se vaia a corrixir, das circunstancias en que se produza e a idade, as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado e os seus antecedentes en relación á convivencia escolar.

Ambos procedementos, conciliado e común, requiren da instrución dun procedemento corrector que deberá ser formalizado por escrito segundo o protocolo que se recolle como anexo.

2. Corresponde ao **director** do centro decidir a instrución e o procedemento que se vai seguir en cada caso, logo da recollida da necesaria información, por iniciativa propia ou por petición motivada do profesorado, do profesor titor do alumno ou da xefatura de estudos, ou logo da denuncia doutros membros da comunidade educativa.

Non obstante, a aplicación do procedemento conciliado terá carácter voluntario, **por solicitude** do alumnado ou os seus representantes legais, e será necesario que o alumno ou os seus representantes legais, acepten esta fórmula de resolución e se comprometan ao cumprimento das accións reparadoras.

3. A dirección informará ao profesor titor do alumno corrixido e ao consello escolar das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia que fosen corrixidas.

Determinación do procedemento.

4. A dirección poderá acordar a apertura dun período de **información previa**, que deberá estar realizado no prazo máximo de **dous días** lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos, a fin de coñecer con máis exactitude as circunstancias nas que se produciu a conduta e a oportunidade ou non de aplicar o procedemento conciliado. Neste período, de ser o caso, asesorada pola persoa orientadora e ao profesor titor do alumno, analizará e valorará a conduta producida tendo en conta como se produciu, e ás circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado e os seus antecedentes en relación á convivencia escolar.

5. Á vista das conclusións obtidas desta valoración, a dirección determinará un ou outro procedemento, tendo en conta que, sempre que concorran as **circunstancias necesarias**,

propiciárase o procedemento conciliado. Deberá intentarse a conciliación entre o alumno e outros membros da comunidade educativa cuxos dereitos fosen lesionados, e a reparación voluntaria dos danos materiais ou morais producidos.

Inicio do procedemento.

6. A dirección **notificaralles**, no prazo de **tres días** lectivos contados desde que se tivo coñecemento dos feitos, o **inicio do procedemento** e, se cumpren os requisitos para iso, daralles a posibilidade de corrección da conduta mediante o procedemento conciliado, informándoos das súas peculiaridades e das obrigas que comporta e fixando o prazo **dun día lectivo** seguinte á recepción da notificación para que respondan por escrito á dirección a aceptación ou non deste procedemento.

7. Independentemente do procedemento de corrección que se vaia utilizar, a dirección designará unha persoa docente para que actúe como **instrutora** do mesmo; correspondéndolle as seguintes funcións:

- Practicar as dilixencias que considere necesarias para a comprobación da conduta, para determinar a súa gravidade e o seu grao de responsabilidade.
- Custodiar documentos e efectos postos a súa disposición durante a instrución.
- Propor á dirección a adopción de medidas provisionais que considere pertinentes, medidas correctoras e, se proceden, as medidas educativas reparadoras.
- Propor á dirección o arquivo das actuacións se logo das indagacións realizadas considera que non procede corrixir a conduta.

8. No propio acordo de incoación ou en calquera momento da tramitación do procedemento, o director pode adoptar motivadamente, por iniciativa propia ou por instancia do instrutor, como **medidas provisionais** o cambio temporal de grupo da alumna ou alumno ou a suspensión do dereito de asistencia ao centro ou a determinadas clases ou actividades, por un período non superior a **tres días** lectivos. A adopción de medidas provisionais notificarase ao titor/a legal do alumno, ou a este se é maior de idade.

9.2 Procedemento conciliado

Procedemento conciliado

1. O procedemento conciliado pretende favorecer a implicación e o compromiso do alumno ou alumna corrixido/a e da súa familia, ofrecer a posibilidade de que a persoa agraviada se sinta valorada, axudar a consensuar as medidas correctoras e facilitar a inmediatez da corrección educativa.

2. O procedemento conciliado poderá aplicarse de se cumpriren os seguintes **requisitos**:

- Que a alumna ou o alumno responsable dalgunha das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia recoñeza a gravidade da súa conduta, estea disposta ou disposto a reparar o dano material ou moral causado e se comprometa a cumprir as medidas correctoras que correspondan.
- No caso de que haxa outros membros da comunidade educativa afectados pola súa conduta, que estes mostren a súa conformidade a acollerse ao dito procedemento.

3. O procedemento conciliado **non procederá nos seguintes casos**:

- Cando se aprecie que a conduta presenta unha especial e notoria gravidade.
- Cando a persoa agraviada ou, para o caso de alumnado menor de idade non emancipado/a, as persoas proxenitoras ou representantes legais deste non comuniquen a súa disposición a acollerse ao procedemento conciliado.

- Cando a alumna autora ou o alumno autor da conduta ou, de ser menor de idade non emancipada/o, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e non comuniquen a súa disposición para acollerse ao procedemento conciliado.
- Cando xa se fixese uso deste procedemento de corrección durante o mesmo curso escolar, coa mesma alumna ou co mesmo alumno, para corrixir unha conduta semellante

Desenvolvemento do procedemento conciliado

4. Cando o alumno ou, de ser menor non emancipado, as persoas proxenitoras ou representantes legais deste opten por corrixir a conduta polo procedemento conciliado, a dirección convocará a persoa docente designada como instrutora do procedemento corrector e as persoas afectadas a unha reunión, no prazo máximo **dun día** lectivo contado desde o remate do prazo para a comunicación da opción elixida.

5. Na reunión, a persoa instrutora recordarlles aos afectados ou, de ser menor non emancipado, ás persoas proxenitoras ou representantes legais destes que están a participar nun procedemento conciliado a que se someteron voluntariamente, e que iso supón acatar o acordo que derive deste. Tamén advertirá ao alumno e, de ser o caso, as persoas ou representantes legais deste que as declaracións que se realicen formarán parte do expediente do procedemento corrector no suposto de que non se alcance a conciliación.

6. Posteriormente, a persoa instrutora exporá e valorará a conduta que é obxecto de corrección facendo fincapé nas consecuencias que tivo para a convivencia escolar e para os demais membros da comunidade educativa e, oídas as partes, propondrá algunha das medidas correctoras para aquela conduta. A continuación, a persoa instrutora dará a palabra ao alumno e ás persoas convocadas para que manifesten as súas opinións sobre a conduta que se pretende corrixir e realicen as consideracións oportunas sobre a súa corrección.

7. A petición de desculpas por parte da alumna ou do alumno será tida en conta como circunstancia que condiciona a súa responsabilidade, á hora de determinar a medida correctora que se vaia adoptar.

8. Finalmente, as persoas participantes no procedemento deberán acordar a medida correctora que consideren máis adecuada para a conduta do alumno e, se procede, as medidas educativas reparadoras referidas no artigo 35 do decreto 8/2015. Deberá quedar constancia escrita da conformidade coas medidas correctoras fixadas por parte do alumno autor da conduta e da persoa agraviada ou, de ser menor non emancipado, das persoas proxenitoras ou representantes legais deste. Este acordo consensuado polas partes deberá ser ratificado pola dirección do centro.

9. O procedemento conciliado finalizará unha vez obtido o acordo entre as partes. No caso de que non se logre o acordo, continuarase a corrección polo procedemento común. Analogamente, no incumprimento por parte do alumno das medidas correctoras acordadas dará lugar á corrección da súa conduta mediante o procedemento común.

Intervención dunha persoa mediadora no procedemento conciliado

1. No procedemento conciliado actuará unha persoa mediadora na forma que se estableza nas normas de organización e funcionamento do centro (NOF).

2. A persoa mediadora non substituirá a instrutora do procedemento, senón que colaborará con ela para lograr o achegamento entre as persoas afectadas e o seu consenso na medida correctora que se vaia aplicar.

3. As funcións que poderá desempeñar a persoa mediadora neste procedemento serán as seguintes:

- Contribuír ao proceso de conciliación.

- Axudar a que cada unha das persoas afectadas comprenda cales son os intereses, necesidades e aspiracións das outras partes para chegar ao entendemento.
- Apoiar o adecuado cumprimento do acordado no procedemento conciliado.

9.3 Procedemento común

Procedemento común

1. O procedemento común de corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro utilizarase cando o alumno ou, de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais deste opten por el, ou cando non sexa posible desenvolver o procedemento conciliado.

Desenvolvemento do procedemento común

1. A persoa responsable da tramitación deste procedemento corrector será unha persoa docente do centro designada como persoa instrutora.

2. A persoa instrutora deberá precisar no expediente o tipo de conduta da alumna ou do alumno, así como a corrección que corresponde en función dos feitos probados, das circunstancias concorrentes e do seu grao de responsabilidade.

A persoa instrutora disporá de **cinco días lectivos** para a instrución do procedemento corrector, contados a partir da súa designación.

3. Finalizada a instrución do procedemento, a persoa instrutora formulará proposta de resolución e dará audiencia ao alumno e, se é menor de idade, á nai ou pai ou á titora ou titor, convocándoos a unha comparecencia en horario lectivo, que terá lugar no prazo máximo de **tres días** lectivos contados a partir da recepción da citación, e na que poderán acceder a todo o actuado e da cal se estenderá acta. No caso de incomparecencia inustificada, o trámite de audiencia terase por realizado para todos os efectos legais, sen prexuízo do previsto no artigo **27** da Lei 4/2011.

Finalización do procedemento.

1. Realizado o trámite de audiencia, e á vista da proposta da persoa instrutora, a dirección do centro ditará resolución motivada que se pronunciará sobre a conduta do alumno e impondrá, se é o caso, a correspondente corrección, así como a obriga de reparar os danos producidos nos termos previstos no epígrafe 8.4.

2. Esta resolución escrita considerará polo menos os seguintes contidos:

- Feitos probados.
- De ser o caso, circunstancias que reduzan ou acentúen a responsabilidade.
- Medidas correctoras que se vaian a aplicar.
- Posibilidade de solicitar ante o consello escolar, no prazo de dous días lectivos desde a recepción da resolución, a revisión da medida correctora imposta.

3. A dirección notificaralle á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este se é maior de idade, nun prazo dun día lectivo a partir da recepción da proposta da persoa instrutora, e remitiraa á xefatura territorial.

4. As correccións que se impoñan por este procedemento serán inmediatamente executivas, e poderán ser revisadas polo consello escolar por instancia dos alumnos ou, de ser o caso, das persoas proxenitoras ou representantes legais destes, de acordo co establecido no artigo 127.f) da Lei orgánica 2/2016.

Compromisos educativos para a convivencia

1. En todos os casos de condutas contrarias á convivencia, mesmo cando non haxa conciliación por non ser aceptadas as desculpas pola persoa ou persoas prexudicadas, poderase suspender a

aplicación das medidas correctoras adoptadas se a alumna ou o alumno corrixida ou corrixido ou, de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais deste asinan un compromiso educativo para a convivencia.

2. Nun compromiso educativo para a convivencia deberá figurar de forma clara e detallada a que se compromete o alumno ou, de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais deste, e as actuacións de formación para a convivencia, prevención e de modificación de condutas, que aqueles se comprometen a levar a cabo, persoalmente ou mediante a intervención de institucións, centros docentes ou persoas adecuadas. Igualmente, deberán constar os mecanismos de comunicación e coordinación co centro.

3. A falta de cumprimento dos compromisos adquiridos por parte da alumna ou do alumno ou, de ser o caso, das persoas proxenitoras ou representantes legais deste determinará a aplicación inmediata das medidas correctoras suspendidas.

4. As normas de organización e funcionamento do centro, concretarán o procedemento para acordar os compromisos educativos para a convivencia co alumnado corrixido e, de ser o caso, coas persoas proxenitoras ou representantes legais destes.

10 PREVENCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR.

Acoso escolar

Considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

Protección integral das vítimas

a) A dirección adoptará as medidas precisas para garantir ao alumnado vítima de situacións de acoso escolar a protección integral da súa integridade e dignidade persoais e do seu dereito á educación, debendo primar sempre o interese da vítima sobre calquera outra consideración no tratamento destas situacións.

b) A protección da vítima garantírase mediante medidas cautelares que impidan a ameaza, o control ou o contacto entre vítima e causantes da situación de acoso. Arbitraranse medidas para o seguimento dos causantes da situación de acoso que impidan a continuación de eventuais condutas acosadoras.

Medidas para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar

O **protocolo** para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar incorpora as seguintes previsións:

a) Realización de campañas de sensibilización do profesorado, das nais e pais ou das titoras ou titores e do alumnado contra o acoso escolar, que axuden a previlo e preparen a todos os membros da comunidade educativa para detectalo e reaccionar fronte a el.

b) Establecemento de canles específicas (dirección e orientación) que faciliten a exteriorización polas vítimas das situacións de acoso escolar.

c) Determinación das medidas que se deben adoptar no caso de detección dunha situación de acoso escolar para poñerlle fin a esta, sen prexuízo das correccións disciplinarias que correspondan. En todo caso, preverase a designación pola persoa titular da dirección do centro dunha persoa **responsable da atención á vítima** entre o persoal do propio centro docente, procurando, cando sexa

posible, que a designación recaia sobre unha persoa coa que a vítima garde unha relación de confianza ou proximidade.

d) Nos supostos menos graves de situación de acoso, favorecerase a **mediación** realizada por alumnado do centro educativo que obtivese formación e cualificación para a intervención nestas situacións.

e) Cando por razón das circunstancias ou da gravidade da situación de acoso se faga preciso, poderase prever a intervención de persoas mediadoras alleas ao persoal do centro, que serán designadas pola Administración educativa.

f) As situacións de acoso escolar que se detecten serán comunicadas á inspección educativa, xunto coas medidas que se adopten para poñer fin a elas. No caso de condutas de especial gravidade, informarase da situación e das medidas aos servizos sociais do concello, aos servizos especializados do departamento competente en materia de benestar e, se é o caso, á Fiscalía de Menores para facilitar as medidas que lles corresponda adoptar nos seus respectivos ámbitos competenciais.

Protocolo Acoso Escolar

Na materia de acoso escolar será de aplicación o Protocolo Xeral de Prevención, Detección e Tratamento do Acoso Escolar e Ciberacoso publicado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en maio do 2013.

11 MEDIDAS COMPLEMENTARIAS.

11.1 Programa de habilidades sociais.

O departamento de orientación elaborará e desenvolverá un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais como complemento das medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia, dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro.

Así mesmo, elaborárase e desenvolverase un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais específico para o alumnado que, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, estea temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro.

Estes programas aplicarase en colaboración co profesor titor e, de ser o caso, cos servizos sociais, e procurarán implicar ao resto do profesorado e ás familias para lograr, conxuntamente, o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.

11.2 Aula de convivencia inclusiva.

1. Aula de convivencia inclusiva coa vocación de substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, como consecuencia da imposición de medidas correctoras.

2. A concreción anual do plan de convivencia incluirá:

- Criterios e condicións para a atención do alumnado na aula e actuacións que se desenvolverán nesta, segundo os criterios pedagóxicos que para tales efectos poida establecer a CCP.
- Profesorado encargado da aula, poderá ser profesorado de garda e poderá contar coa colaboración do departamento de orientación. En todo caso, correspóndelle supervisar as medidas e actuacións propostas para o alumnado. A xefatura de estudos é a encargada de organizar a atención ao alumnado que se lle suspende do dereito de asistencia á clase, no marco do disposto nas NOF do centro.

- Programación das actuacións do departamento de orientación encamiñadas a favorecer o proceso de reflexión do alumnado atendido na aula, que favorezan actitudes responsables e condutas positivas para a convivencia.
- Horario, localización, instalacións e material didáctico con que conta a aula de convivencia inclusiva para o seu funcionamento.

3. A dirección do centro é o órgano competente para ditar a resolución pola que se acorda que un alumno sexa atendido na aula de convivencia inclusiva, garantindo en todo caso, o trámite de audiencia aos pais, nais ou tutores, se fose menor de idade non emancipado.

11.3 Mediación escolar.

Definición e obxecto

De conformidade co disposto no artigo 10 da lei 4/2011, incluírase a mediación na xestión de dos conflitos, definida no artigo 26 do Decreto 8/2015, como unha estratexia **de intervención imparcial** para a resolución de conflitos en que unha terceira persoa axuda as partes implicadas a alcanzar un acordo satisfactorio para ambas dúas.

Sen prexuízo dos procedementos de corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia regulados no punto 9, poderase utilizar a mediación como estratexia preventiva, resolutiva e reparadora na xestión de calquera conflito entre membros da comunidade educativa.

- Como unha **medida previa** naqueles conflitos para os que as normas de convivencia prevén medidas de corrección, mediante accións que poden favorecer a aprendizaxe das habilidades sociais necesarias para a mellora da convivencia.
- Como **medida para a resolución** daqueles conflitos nos que non se produce unha transgresión a ningunha norma de convivencia do centro, ofrecendo unha posibilidade de abordalos de forma pacífica e dialogada.
- Como unha **medida posterior, reparadora**, nos casos de disfuncións á convivencia, dos conflitos corrixidos segundo ás normativa, dando unha oportunidade de reconstrución, reconciliación.

En función do sector da comunidade escolar do que proveña o mediador, podemos diferenciar:

- Mediación realizada por adultos, habitualmente profesores, aínda que poden ser pais/nais ou, incluso, persoas alleas ao centro. É a forma máis sinxela de mediación, pero non sempre é a máis recomendable.
- Mediación entre iguais (inter pares), moi estendida no eido educativo nos conflitos entre alumnos cando actúan outros compañeiros formados para iso.
- Mediación mixta, na que existirán mediadores de máis dun sector educativo, en función das persoas involucradas, un de cada sector; a idea é que, sempre que sexa posible, estea representada cada unha das parte en conflito, por un/unha mediador/a do seu sector para que non sinta ameazados os seus intereses.

Características da mediación escolar

A mediación escolar baséase nos principios seguintes:

- a) A **voluntariedade**, segundo a cal as persoas implicadas no conflito son libres de acollerse ou non á mediación, e tamén de desistir dela en calquera momento do proceso.
- b) A **imparcialidade** da persoa mediadora que ten que axudar ás persoas participantes a alcanzar o acordo pertinente sen impoñer ningunha solución nin medida concreta nin tomar parte. Así mesmo, a persoa mediadora non pode ter ningunha relación directa cos feitos que orixinaron o conflito.

- c) O **compromiso** das persoas que acceden a tomar parte na mediación son os responsables da transformación do seu conflito e de chegar ao acordo ao través do cal se resolva o mesmo.
- d) A **confidencialidade**, que obriga as persoas participantes no proceso a non revelar a persoas alleas todo o que ocorra durante o proceso de mediación nin a información confidencial que se obteña, agás nos casos previstos na normativa vixente.

Equipo de mediación e formación de mediadores

A comisión de convivencia é a encargada, por delegación do consello escolar, de propoñerlle ao director as persoas que poidan formar parte do equipo de mediación, sempre con carácter voluntario, de xeito que estea integrada por persoal dos distintos sectores da comunidade educativa, polo que, compre establecer accións formativas do profesorado, alumnado, familias e persoal non docente en relación á convivencia escolar, que poderá ser de forma conxunta.

As persoas responsables da orientación e da dinamización da convivencia no centro serán os encargados da formación dos posibles mediadores e corresponde á xefatura de estudos a promoción do exercicio da mediación que se leve a cabo no centro.

Os procesos de formación deberán incluír:

- Leccións claras e ben organizadas referidas aos coñecementos necesarios para o desenvolvemento da mediación: o conflito, a comunicación, a escoita activa, a empatía, o proceso mediador, etc.
- Adestramento práctico na realización de tódalas tarefas propias do proceso mediador: saber estar, escoitar, comprender, reformular, decidir, guiar, motivar...

Conflitos susceptibles de mediación

Poderanse derivar conflitos leves entre o alumnado principalmente os casos de: Rumores, insultos, alcumes molestos, malentendidos..., disputas e pelexas, amizades deterioradas, ameazas, presións ou encordios, situacións que desagraden ou parezan inxustas. Así como nos supostos menos graves de situación de acoso entre o alumnado.

Tamén se poderán abordar mediante a mediación os conflitos entre profesores e alumnos, ou viceversa, nos casos de reiteración de condutas disruptivas como a desobediencia ás indicacións ou desconsideración, e problemas entre membros adultos: profesores, familias, persoal non docente, etc. Nestes casos, deberán participar dúas persoas mediadoras, unha de cada sector.

¿A que compromiso se pode chegar?

Calquera acordo deberá dar lugar a reparación satisfactoria do dano causado, mesmo poderá incluír compromisos educativos e de convivencia e tarefas en beneficio da comunidade.

Procedemento para derivar un caso de conflito cara á mediación.

Será o director quen, por petición de calquera membro da comunidade educativa, lle poderá ofrecer ao alumnado implicado en condutas contrarias ás normas de convivencia a posibilidade de acudir á mediación escolar, deixando constancia escrita da aceptación das condicións por todas partes, así como o compromiso de que, no caso de acordo, aceptárase a realización das actuacións que se determinen. Analogamente no caso de disfuncións dos procedementos correctores e de problemas entre membros adultos.

En todo caso, determinará a viabilidade do procedemento, despois de reunirse en privado coas partes, explicarlles en que consiste o proceso e asegurarse de que acoden voluntariamente.

A dirección comunicará, ao titor ou titora e á familia do alumnado implicado da proposta de inicio e da finalización dos procedementos de mediación, e de selo caso, dos compromisos acordados.

Desenvolvemento do procedemento.

Para chegar a unha solución acordada polas partes, será imprescindible a celebración dunha reunión convocada pola persoa mediadora co alumno e os seus pais ou representantes legais, se o alumno é menor de idade.

I. Presentación e regras de xogo.

A persoa mediadora debe recordar que é imparcial (non toma parte) e neutral (non opina), só vela polo respecto das condicións aceptadas. Deberase asegurar de que quede claro que o motivo do encontro non é outro que as persoas mediadas comprendan que ocorreu e intenten solucionalo, sendo elas mesmas as que atopen a solución.

Presentación e aceptación das condicións do encontro: Respetar a quenda de palabra, evitar insultos, confidencialidade das partes, a solución debe ser atopada e aceptada polas partes, o acordo escrito deberá ser asinado polas partes.

II. Exposición de cada parte da súa visión do conflito.

Cada parte expresará a súa visión do conflito e os seus sentimentos. Trátase de axudar a desafogar todo tipo de emocións e sentimentos negativos. O mediador tratará de identificar as razóns subxacentes e velará pola escoita activa de cada parte e polo respecto das quendas de palabra.

III. Identificación do conflito.

O mediador deberá axudar coas súas preguntas a aclarar que é o que pasou, a concretar o problema, identificar aos protagonistas do conflito, as súas necesidades ¿Cómo quedarían de satisfeitos? , os seus intereses ¿Qué beneficio desexaba obter?, e a desenvolver empatía, axudando a que cada parte entenda como se sente a outra e a poñerse no seu lugar.

IV. Proposición de solucións.

O mediador debe guiar ás persoas mediadas para que elas mesma propoñan solucións, ¿Cómo se pode solucionar? ¿Qué estarían dispostos a facer para solucionalo?. Deberanse avaliar as propostas, vantaxes e dificultades, e identificar aquelas respectadas por ambas partes .

V. Acordo escrito.

Deixarase constancia do acordo nun documento escrito que deberá incluír, polo menos, os seguintes extremos: feitos ou condutas imputadas ao alumno, acordos, aceptación expresa por parte do alumno e dos seus pais ou representantes legais, data de inicio dos efectos e, de consideralo oportuno, previsión de datas para o seu seguimento.

Finalización e efectos da mediación

1. O proceso de mediación iníciase por ofrecemento da dirección e finalízase co acordo, unha vez producida a conciliación e cumprimentos, se é o caso, dos actos de reparación. A persoa mediadora comunicarllo por escrito á dirección.

2. Se o proceso de mediación finaliza sen acordo, ou se incumpren os pactos de reparación por causa imputable ao alumno ou alumna ou aos seus pais, a persoa mediadora comunicará por escrito á dirección, que iniciará o procedemento para a aplicación de medidas correctoras, no caso de que os feitos que deron lugar á posta en marcha do procedemento de mediación sexan constitutivos de conduta contraria ás normas de convivencia ou gravemente prexudicial para estas.

3. Cando non se poida chegar a un acordo de mediación porque a persoa prexudicada non acepte a mediación, as desculpas do alumno ou a alumna ou o compromiso de reparación ofrecido, ou cando o compromiso de reparación acordado non se poida levar a cabo por causas alleas á vontade do alumno ou a alumna, esta actitude debe ser considerada como circunstancia que pode diminuír a gravidade da súa actuación.

4. A persoa mediadora pode dar por rematada a mediación no momento que aprecie falta de colaboración nunha das persoas participantes ou a existencia de calquera circunstancia que faga incompatible a continuación do proceso de mediación de acordo cos principios establecidos neste título.

5. O proceso de mediación débese resolver no prazo máximo de **quinze** días dende a designación da persoa mediadora. As vacacións escolares interrompen o cómputo do prazo.

6. A dirección informará á comisión de convivencia dos procedementos de mediación, a fin da valoración dos mesmos e inclusión no seu informe trimestral.

11.4 Escola de nais e pais.

Ver anexo

12 Aspectos xerais das normas de convivencia a ter en conta polo profesorado

12.1 O control do alumnado: Condición de autoridade pública.

No exercicio das funcións directivas e organizativas, docentes e de corrección disciplinaria, o profesorado ten a condición de **autoridade pública** e goza da protección recoñecida a tal condición polo ordenamento xurídico.

A condición de autoridade pública do profesorado implica:

1. No exercicio das funcións de corrección disciplinaria, os feitos constatados polo profesorado, e que se formalicen por escrito en documento que conte cos requisitos establecidos regulamentariamente, **teñen presunción de veracidade**, sen prexuízo das probas que na súa defensa poida sinalar ou achegar o alumnado ou os seus representantes legais cando sexa menor de idade.

2. O profesorado **está facultado para requirir** ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, **a entrega** de calquera obxecto, substancia ou produto que porte e que estea expresamente prohibido polas normas do centro, resulte perigoso para a súa saúde ou integridade persoal ou a dos demais membros da comunidade educativa ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares.

3. O requirimento previsto neste punto obriga a alumna ou alumno requirido á inmediata entrega do obxecto, que será depositado polo profesorado na dirección do centro coas debidas garantías, quedando á disposición da nai ou pai ou da titora ou titor, se a alumna ou alumno que o porta for menor de idade, ou da propia alumna ou alumno, se for maior de 18 anos, todo iso sen prexuízo das correccións disciplinarias que poidan corresponder.

4. Cada profesor/a é o **responsable da orde da súa clase** mentres este exercendo a súa función nela. Deberá fomentar o coidado do material e vixiar que non se produzan danos (como pintadas, roturas, etc.) tomando as medidas que fosen precisas para corrixir os comportamentos inadecuados.

5. Fóra das aulas cada profesor/a **contribuirá en todo momento** ao control do alumnado nos corredores, patios, xardíns e demais instalacións do centro corrixindo as condutas contrarias ás normas de convivencia.

6. Cabe observar que dentro das atribucións do profesorado non está alterar a xornada lectiva do alumnado. Polo tanto, non se debe saír antes de rematar a hora da clase nin alongar a saída mais aló do que dure rematar unha explicación ou tarefa. Neste sentido, debemos ser prudentes á hora de

poñer exames fóra das horas lectivas; en todo caso, de facelo, débese contar sempre co acordo do alumnado.

12.2 Profesorado de garda

O profesorado de garda é o responsable da orde do centro mentres dure o seu período de garda. O Equipo Directivo é o responsable último, pero non o primeiro. Procurarase que algún membro da dirección estea dispoñible en cada período lectivo para atender aqueles casos que pola a súa natureza requiran unha actuación especial. O profesorado de garda é o encargado de manter as mellores condicións para que os demais compañeiros/as poidan desenvolver as súas clases.

Cando as circunstancias o requiran, a xefatura de estudos poderá acudir aos xefes de departamento, profesor de biblioteca, ou outro profesorado dispoñible para cubrir a ausencia de profesorado nalgún grupo.

O profesorado de garda **comezará a súa actividade no mesmo momento no que soe o timbre e rematará cando este anuncie o final da hora**. Nese tempo encargarase de:

1. Vixiar os corredores, controlando a permanencia do alumnado dentro das aulas e atentos a evitar maltrato de material ou comportamentos inadecuados dentro delas mentres o profesorado non entra na aula.
2. Cubrir as ausencias do profesorado, facilitando que o alumnado aproveite o tempo dentro da clase. Cando algún profesor teña unha ausencia prevista, debería deixar traballo aos seus alumnos/as para que aproveiten o tempo e de paso facilitar a tarefa ao compañeiro/a de garda.
3. Poñer as faltas de **puntualidade e de asistencia** do profesorado. No caso de que algún profesor/a non faga a garda deberá poñérselle falta como cando non se asiste a clase. Se non existe un motivo para ese abandono, o equipo directivo verase obrigado a non xustificar a falta.
4. Facerse cargo do alumnado expulsado ou do que por calquera outra causa nos estea na súa correspondente aula, rexistrando a incidencia no libro de gardas.
5. Resolver cantas incidencias se produzan no seu período de garda, deixando constancia no libro de garda e informando ao equipo directivo de todas aquelas que considere importantes. En ausencia deste, tomará as decisións que considere oportunas e informará á dirección o antes posible.

12.3 Profesorado de garda de biblioteca e de recreo

O profesorado de **garda de biblioteca** debe facela na sala de lectura para manter a orde entre os usuarios da sala ou para o servizo de préstamo de libros, segundo o fixado no plan anual da biblioteca.

O profesorado de **garda de recreo** é o responsable da orde nos corredores e o recinto do centro durante ese período. Como tal será o encargado de:

1. Vixiar que o alumnado **abandone** as aulas e que non permaneza **nos corredores** e saia ao patio. Excepcionalmente poderán permanecer no corredor da planta baixa se as inclemencias meteorolóxicas o aconsellan.
2. Vixiar os **patios**, a cantina e o acceso aos aseos, para evitar comportamentos inadecuados. O profesorado destinado a este fin distribuirase por zonas segundo as indicacións da dirección.

12.4 Control nos cambios de clase

O obxectivo é lograr que os alumnos permanezan nas aulas nos cambios de clase, para o cal deberá procederse como se indica a continuación:

1. O profesorado que vexa a alumnos fora das aulas debe indicarlles que permanezan nelas.

2. Os profesores de garda deberán esixir **celeridade ao alumnado que cambia de aula**, evitando que permanezan nas aulas ou corredores en clara actitude de perda de tempo. Os profesores que reciben aos alumnos deben tomar medidas para fomentar a súa puntualidade.

3. A **puntualidade do profesorado** é imprescindible para que os cambios de clase se fagan con fluidez e se eviten as perturbacións da orden que provoca unha aula non atendida polo profesor responsable durante algún tempo.

12.5 Control de faltas de asistencia

A finalidade do control das faltas de asistencia do alumnado resúmese en rexistrar as faltas de xeito que, puntualmente o profesorado teña acceso a esa información e os pais/nais ou titores legais estean avisados destas faltas. Por último, arbitraranse os mecanismos correctores previstos no protocolo de absentismo.

Procedemento:

1. Os conserxes supervisarán as entradas e as saídas do alumnado e rexistrarán calquera incidencia ao respecto segundo as instrucións da dirección e da Xefatura de Estudos, particularmente realizarán o control das entradas ou saídas fora da hora habitual.

2. O profesorado rexistrará diariamente as faltas no XADE.

3. Os profesores titores, nun prazo máximo de 2 días dende a incorporación, recibirán dos pais/nais ou titores legais dos alumnos a xustificación das faltas segundo o modelo existente na conserxería e a xustificación documental que corresponda. Posteriormente o rexistrarán no Xade as xustificacións que proceda.

4. Cando o titor/a detecte que algún profesor non toma lista, deberá recordarlle que ten a obrigaón de facelo. Se o prefire, comunicarllo á xefatura de estudos para que o faga.

5. En caso de sospeitar que un alumno está a faltar inxustificadamente o titor/a deberá comunicarse cos pais para aclarar a situación sen esperar á xustificación. No caso de que o alumno non normalice a asistencia a clase, deberá activarse o protocolo de absentismo.

6. Segundo establece este protocolo, os titores advertirán aos pais/nais do alumno de que de persistir o absentismo, conducirá á comunicación dun expediente ao Servizo Social do Concello e a Inspección Educativa.

12.6 Control dos expulsados para que realicen algunha tarefa

O alumnado cando sexa expulsado da clase debe quedar baixo o control do profesorado de garda co material que lle permita a realización de tarefas. O profesor que aplique a medida debe deixar constancia coa comunicación expresa da corrección mediante o parte correspondente, así mesmo, o profesorado de garda rexistrará a incidencia no libro de gardas.

Procedemento:

1. O alumnado expulsado sairá de clase co seu material escolar e dirixirase á sala de profesores para que quede a cargo do profesor/a de garda. En caso de non atopalo, irá á Xefatura de Estudos onde quedaría ao cargo dalgún membro do Equipo Directivo.

2. O profesor ou profesora que aplicou a medida debe rexistrala no seu diario e, finalizada a clase, se non o fixo antes, cumprimentar o correspondente parte de comunicación de conduta contraria, que ten que remitir aos pais/nais ou titores legais do alumno ou alumna, á Xefatura de Estudos e ao titor/a do grupo.

3. O/a titor/a deberá rexistrar na aplicación XADE a expulsión no apartado de faltas de conduta; deste xeito, tamén son comunicadas automaticamente mediante o espazo Abalar. Así mesmo debe controlar a devolución do parte debidamente asinado.

4. En último caso, o/a titor/a debe avisar da expulsión persoalmente ao pai/nai e, se fose necesario, concertar unha cita para tratar as medidas correctoras. Se non contestan ao teléfono, nin á mensaxe, debe comunicalo á Xefatura de Estudos para arbitrar a maneira de facelo.

13 DIFUSIÓN E DESENVOLVEMENTO.

13.1 Difusión do plan

O plan de convivencia, unha vez aprobado, debe ser coñecido e asumido por todos os membros da comunidade educativa e polo sectores do contorno que poidan ser interesados. Con este fin publicarase na páxina web do centro, ademais unha copia escrita do Plan permanecerá en secretaría a disposición de calquera membro da comunidade educativa que queira consultalo.

A Comisión de Convivencia impulsará esta difusión, considerando entre as posibles canles para isto as seguintes: Consello Escolar, Titorías de nais/pais, especialmente as de inicio de curso, Reunións da Xunta de Delegados, ANPA, Representantes de institucións ou organismos públicos ou privados do contorno dedicados á cultura.

Os medios axeitados para esta difusión poden ser: reunións informativas, comunicacións escritas, folletos, paneis informativos, blogs, na páxina web, sesións de traballo tutorial, asembleas, foros municipais, institucionais, de asociacións ...

Os momentos clave son: ao inicio do curso para informar da concreción anual, facendo fincapé nos puntos máis importante deste (situación de partida, obxectivo e plan que se vai a seguir), ao longo do curso con información dos avances e novos acordos e ao final do curso aportando o resumo do elaborado, propostas de mellora, compromisos e plan para o seguinte curso.

Deste xeito, unha posible proposta, debería contemplar as seguintes actuacións por sectores:

Profesorado.

O equipo directivo informará ao claustro, na reunión de inicio de curso, dos aspectos máis relevantes do Plan de Convivencia e da súa concreción anual. Os profesores que se incorporen ao centro, unha vez iniciado o curso, serán informados do Plan pola Xefatura de estudos.

Ao longo do curso irase informando dos avances e novos acordos, e ao final de curso, da avaliación do plan, das propostas de mellora e acordos para o curso seguinte.

Na reunión inicial de curso que celebra Xefatura de Estudos e Departamento de Orientación con titores, informarase a estes dos protocolos de actuación máis usuais do Plan de convivencia, absentismo, condutas contrarias e correccións e de todas aquelas actuación previstas en relación á difusión e á mellora da convivencia que corresponda desenvolver dende o PAT.

Alumnado.

Nas reunións de inicio de curso do titor/a con o seu grupo, informará ao seu alumnado do plan de convivencia e da súa concreción anual. Ademais desenvolveranse as sesións de tutoría incluídas no Plan de Acción Tutorial destinadas a que coñezan o Plan de Convivencia e para a elaboración de normas específicas de cada aula ou grupo.

Nas xuntas de delegados sobre aspectos ou actuación puntuais de cara a reforzar ou incentivar a implicación no proceso de mellora.

Pais e nais.

Serán informados do Plan de Convivencia na reunión que habitualmente se celebra ao comezo de curso. Ao longo do curso terán información puntual dos seus representantes no consello escolar e por medio da ANPA, e por medio de circulares puntuais sobre o proceso de avaliación e mellora.

13.2 Mecanismos de coordinación e colaboración no desenvolvemento do plan

En cada curso escolar incorporárase a PXA unha concreción do Plan de Convivencia. Neste Programa Anual de Convivencia deberase explicitar:

- Obxectivos específicos que se pretenden.
- A concreción das actuacións ou actividades a desenvolver.
- Os responsables do seu desenvolvemento.
- A temporalización e os recursos necesarios.
- Os criterios de avaliación e indicadores de logro.

O desenvolvemento das actuacións, que se seleccionen para o plan anual, realizarase de forma coherente, coordinada e dende o compromiso de todos os membros da comunidade educativa, destacando en todo caso:

- Actuacións previstas para a consecución dos obxectivos.
- Actuacións conxuntas os órganos de goberno e de coordinación docente en relación co tratamento da convivencia no centro.
- Actuacións conxuntas dos equipos docentes e de orientación, para o tratamento da convivencia nos grupos de alumnos.
- Actuacións da titora ou do titor e do equipo docente de cada grupo para favorecer a integración do alumnado de novo ingreso, tanto na aula como no centro.
- Actuacións específicas para a prevención e o tratamento da violencia sexista, racista ou calquera outra das súas manifestacións.
- Relación cos diferentes sectores institucionais e sociais do contorno que poidan participar no plan de convivencia, especificando o seu modo de participación e de colaboración.
- Estratexias e procedementos para realizar a difusión, o seguimento e a avaliación do plan.

[Ver anexos 5-6-7-8-9-10-11-12-13-14 da Orientación para o Plan de Convivencia](#)

14 SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA.

14.1 Obxectivo, procedemento e responsables

Trátase de valorar e mellorar as accións proxectadas para que sexan aplicables e eficaces e, de ser o caso, propoñer novas accións. Coñecer de cerca a posta en práctica do plan de convivencia permitirá detectar os desaxustes ou dificultades e, deste xeito, poder corríxilos no momento que se produzan, garantindo así o seu correcto desenvolvemento.

1. Compre establecer os mecanismos e indicadores para o seguimento e avaliación do plan de convivencia.
2. O equipo directivo garantirá a participación na avaliación do plan de convivencia de todos os sectores da comunidade educativa.
3. A comisión de convivencia realizará o seguimento periódico e sistemático, elaborando un informe trimestral que inclúa todo o ocorrido neste período en materia de convivencia, as actividades e actuacións realizadas, a súa valoración e as propostas para o período seguinte. Este informe será

trasladado ao consello escolar para a súa análise, consideración das propostas de mellora para a súa aprobación e/ou formulación doutras propostas de actuación.

4. Ao rematar cada curso escolar, a comisión de convivencia elaborará a correspondente **memoria** de acordo cos datos e as conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación, coas propostas de mellora que consideren necesarias.

5. Corresponde ao Consello Escolar estudar e aprobar esta memoria elaborada pola comisión de convivencia que pasará a formar parte da memoria anual do centro que, será enviada ao servizo territorial de Inspección Educativa.

14.2 Criterios.

Entre os ámbitos e criterios desta avaliación podemos destacar:

Contorno social: Relacións centro educativo coas institucións do contorno; relacións familias coas institucións do contorno; oferta de formación e ocio das institucións do contorno; plan de mellora da convivencia social ...

Contorno familiar: Relacións centro coas familias; canles de comunicación e de información; participación das familias; espazos e tempos dedicados á relación; estilos educativos das familias; formación das familias.

Contorno escolar: espazos, instalacións e mobiliario do centro; clima de convivencia do centro, nas aulas, nos recreos, cambios de clase ...; normas de convivencia do centro e da aula; relacións entre os membros da comunidade educativa; medidas para previr conflitos e formas de resolución; resposta educativa á diversidade...

14.3 Instrumentos.

Partindo dos indicadores de logro propostos na concreción anual das actuacións que se van a desenvolver e tendo en conta todo o proceso, elaboraranse as ferramentas necesarias para a observación e recollida de información necesaria para a súa avaliación, é dicir, valorar o grao de consecución dos obxectivos propostos.

Trátase de sistematizar a recollida da información para detectar as necesidades das persoas e coñecer a realidade do centro respecto da convivencia.

Para avaliar o Plan de convivencia tómanse como referente as actuacións marcadas. Cada unha delas debe ter persoas responsables (individualmente, equipos, grupo formado para este fin...) e uns prazos para facelo. No apartado de recursos sinalariamos todo o que nos pode ser útil (documentos, rexistros, informes, medios materiais, recursos humanos...) propios ou alleos ao noso alcance. Rematados os prazos analízase o grao de consecución.

Como norma xeral, a avaliación debe ser continua e procesual, debe ser realizada de forma integradora, complementaria, coordinada e conxunta cos procesos de avaliación das aprendizaxes do alumnado. Pode propoñerse unha avaliación logo de cada actuación desenvolvida no plan.

Ver anexo 13

15 ANEXOS E FORMULARIOS.

- I. Programa anual.
- II. Avaliación anual da convivencia (procedemento e cuestionarios)
- III. Modelos de informes trimestrais e final sobre a convivencia.
- IV. Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar .
- V. Corrección de condutas leves contrarias á convivencia.
- VI. Expedientes disciplinarios (procedementos común e conciliado).
- VII. Acoso escolar.
- VIII. Compromisos familias –centro .
- IX. Aula de convivencia.
- X. Reparación de danos materiais.